

**Instituto Galego  
de Seguridade e  
Saúde Laboral**



# Plan de actividades 2014



## Índice:

Introdución	3
Medios humanos e materiais	5
Estrutura	6
Cadro resumo de actuacións 2013	7
Actuacións	10
Códigos	73



## Introdución

A actividade do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) desenvólvese de xeito planificado, mediante a elaboración anual dun plan de actividades, que inclúe as actuacións técnicas que se desenvolverán no período correspondente. Este documento compendia as principais liñas técnicas de traballo que desenvolverá o Issga durante o ano 2014, cinguíndose aos fins e funcións definidos para este instituto na Lei 14/2007 que o crea e regula, e polo Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, que define as políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral estableceron os poderes públicos da Comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo durante o período, e das que o Issga é o órgano encargado da súa xestión e coordinación, sen esquecer a necesaria colaboración dos axentes sociais e doutros órganos da administración con competencias en prevención, dado que dito Plan estratéxico foi aprobado no marco do diálogo social en Galicia.

O período considerado corresponde ao último ano de vixencia do devandito Plan Estratéxico, polo que incide nas medidas para o seu eficaz cumprimento, sen esquecer as funcións deste organismo, que determinan actuacións de carácter permanente. Deste xeito, mantéñense as actividades definidas como permanentes en períodos anteriores, e incídese especialmente en actuacións temporais encamiñadas ao remate da execución do Plan Estratéxico para Galicia, reforzando liñas iniciadas como a colaboración interinstitucional cos outros departamentos da Xunta con competencias en materia de saúde laboral, en consonancia co obxectivo 3 daquel.

Por outra banda, a participación do Issga no programa de desenvolvemento rural sostible, iniciada hai dous anos, supón un incremento notable nas accións de formación e información dirixidas aos traballadores do sector primario, e as actividades de estudo, investigación e elaboración de documentación que serven de soporte a aquelas. Por iso, no ano 2014 incrementase, consecuentemente, o número de fichas de actividade neste eido.

É tamén o ano de remate de actividades de carácter plurianual iniciadas en exercicios anteriores a das que só resta a presentación de resultados, como o Mapa de risco químico ou a colaboración cos institutos autonómicos para a elaboración da Guía da vixilancia da saúde para o sector da pesca.

Dado que moitas actividades que forman parte das funcións propias do Issga teñen un carácter permanente, e especialmente naquelas que derivan de solicitudes doutras entidades ou organismos, non se establecen obxectivos específicos temporais, polo que nestas, a descrición da actividade e os



obxectivos xenéricos permanecen sen cambios respecto a anos anteriores, agás cando se definan ampliacións ou cambios nos procedementos de actuación, en cuxo caso, especificaranse coma obxectivos para 2014.

Do mesmo xeito, as premisas que se definiron noutros exercicios como base para a planificación das actividades técnicas do Issga permanecen sen cambio, e son:

- Os seus fins e funcións, definidos nos artigos 3 e 4 da Lei 14/2007.
- O cumprimento dos obxectivos e accións definidos polo Plan Estratégico para a PRL en Galicia 2011-2014.
- Os recursos humanos e materiais dispoñibles, tanto propios como os que procedan de colaboracións con outros axentes, que determinan a súa capacidade de obrar.
- As necesidades propias do organismo, na procura da mellora da súa xestión e resultados, e da potenciación do seu papel como órgano coordinador das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma.
- A consolidación de accións emprendidas en anos anteriores.
- As actividades xa iniciadas de carácter plurianual, ou as anuais que interesa prolongar no tempo, en función do seu impacto e eficacia.
- A existencia de actividades non programables, que é consecuencia da propia natureza da labor que desenvolve o Issga, ao actuar nos casos de accidente, ou ao atender a demandas e requirimentos doutros organismos ou dos axentes sociais.
- A aparición de normativa e de criterios técnicos novos.
- O estado sociolaboral actual en xeral, e da PRL en particular.
- A adaptación aos novos coñecementos, aos cambios e ao progreso técnico que se produzan no eido da prevención de riscos.
- As necesidades e demandas da sociedade en xeral, dos axentes sociais, e das empresas e os seus traballadores e traballadoras en concreto.

## Medios humanos e materiais

### Orzamento

O anteproxecto de orzamento de gastos para o ano 2014 do Issga acada un importe total de 6.262.041 euros, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade da unidade administrativa de Santiago e dos centros provinciais, e para investimentos de carácter material e inmaterial, que se distribúe segundo o cadro seguinte.

ORZAMENTO DE GASTOS	
PERSOAL - CAPÍTULO I	4.834.316
BENS CORRENTES E SERVIZOS - CAPÍTULO II	644.866
INVESTIMENTOS - CAPÍTULO VI	782.859
<b>TOTAL</b>	<b>6.262.041</b>

### Persoal

De igual xeito, no persoal do que dispón o Instituto reside fundamentalmente o potencial de execución das súas actividades. O cadro correspondente é o seguinte:

	Funcionarios		Laborais		Total	
	RPT	Ocupadas	RPT	Ocupadas	RPT	Ocupadas
<b>Santiago</b>	19	17	0	0	19	17
<b>A Coruña</b>	33	28	7	6	40	34
<b>Lugo</b>	17	15	3	3	20	18
<b>Ourense</b>	15	14	3	3	18	17
<b>Pontevedra</b>	41	30	5	4	46	34
<b>TOTAL</b>	127	104	18	16	143	120



## Estrutura

De seguido enumeraranse as actuacións técnicas do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o ano 2014. Coma en anos anteriores, xúntanse en seis epígrafes xenéricos, en función das súas características e adecuación ás funcións do Issga. Compre salientar que dado que non é posible sistematizar ao cen por cento toda a actividade deste organismo, ademais das fichas que se expresan neste Plan, o Issga desenvolve outras actuacións puntuais, non programadas.

### Procesos de mellora:

Actuacións de carácter interno, encamiñadas á obtención da máxima eficacia e eficiencia funcional e de resultado do organismo.

### Observatorio Galego de Condicións de Traballo:

Polo seu cometido de obter, procesar e difundir información, interactúa practicamente con todas as demais actuacións, e ten unha actividade propia ao tratar e publicar os datos estatísticos e o coñecemento xerado por aquelas.

### Investigación da sinistralidade:

Procesos reactivos, derivados de danos xa producidos, cuxa investigación é necesaria con diversos fins, coma establecer accións preventivas ou informar a outros órganos administrativos ou xudiciais cando o soliciten.

### Colaboración e asesoramento técnico:

O asesoramento a outros organismos, ás empresas e aos traballadores/as e os seus representantes, é unha actividade fundamental do Issga, figurando entre os seus fins, recollidos no artigo 3 da Lei 14/2007. Inclúense neste apartado actuacións de carácter permanente, derivadas de encomendas ou da necesidade de apoio técnico doutros organismos da Administración, que en moitos casos non son programables por seren función das demandas destes.

### Programas sectoriais de redución da sinistralidade:

Actuacións de investigación, asesoramento e asistencia programadas por sectores ou fronte a riscos determinados, en función do seu estado de situación e da súa evolución, polo que a filosofía é que teñan un carácter temporal limitado (anuais ou bienais), co obxecto de poderlos reformular periodicamente, sen menoscabo de que, polas súas características de especial risco, determinados sectores figuren case que permanentemente entre estes programas.

### Formación, difusión e sensibilización:

Ademais de constituír os obxectivos 4 e 5 do Plan estratéxico 2011-14, e do fins a) e e) do Issga, forman parte permanente da actividade do Issga, que



neste tipo de actuacións ten acadado un nivel recoñecido de calidade técnica e científica que compre manter, tanto nas publicacións, cursos e xornadas coma na formación interna dos técnicos propios.

## Cadro resumo de actuacións 2014

<b>Procesos de mellora</b>		<b>Páx.</b>
PM 1	Carta de servizos do Issga	<b>10</b>
PM 2	Xestión da información	<b>11</b>
PM 3	Instrucións e procedementos de traballo	<b>12</b>
PM 4	Tramitación Delt@: mellora da calidade dos partes de accidente de traballo	<b>13</b>
PM 5	Fondo documental	<b>14</b>
PM 6	Formación interna	<b>15</b>
<b>Observatorio Galego de Condicións de Traballo</b>		
OGCT 1	Observatorio Galego de Condicións de Traballo	<b>16</b>
OGCT 2	Estatísticas de sinistralidade laboral	<b>17</b>
OGCT 3	Análises da sinistralidade laboral segundo variables específicas, por tipo de danos ou colectivos singulares	<b>18</b>
OGCT 4	Estudo dos accidentes laborais por sobreesforzos	<b>19</b>
OGCT 5	Análise das enfermidades profesionais de Galicia	<b>20</b>
OGCT 6	Estudo da evolución da sinistralidade laboral en Galicia	<b>21</b>
<b>Investigación da sinistralidade</b>		
IS 1	Investigación de accidentes de traballo	<b>22</b>
IS 2	Investigación de accidentes para a fiscalía	<b>23</b>
IS 3	Investigación de enfermidades profesionais	<b>24</b>
IS 4	Fichas de investigación de accidentes laborais e de enfermidades profesionais	<b>25</b>
<b>Colaboración e asesoramento técnico</b>		
CAT 1	Asistencia técnica a solicitude de representantes de traballadores e de empresarios	<b>26</b>
CAT 2	Actuacións comprobatorias: actividade dos técnicos habilitados	<b>27</b>
CAT 3	Actividade do Laboratorio de hixiene analítica	<b>28</b>
CAT 4	Asesoramento técnico á autoridade laboral: Servizos de prevención alleos e entidades auditoras. Entidades e actividades formativas	<b>29</b>
CAT 5	RERA e plans de traballo con risco por amianto	<b>30</b>
CAT 6	Asistencia técnica á Inspección de Traballo e Seguridade Social	<b>31</b>
CAT 7	Actuacións a solicitude da autoridade xudicial	<b>32</b>
CAT 8	Asistencia técnica a organismos da AXE: DGOSS: Informes coeficientes reductores INSS: Equipos de valoración de incapacidades	<b>33</b>

CAT 9	Asesoramento á autoridade sanitaria nos casos de sospeita de enfermidade profesional	<b>34</b>
CAT 10	Asesoramento á autoridade sanitaria sobre comunicación de deficiencias nas actividades sanitarias dos servizos de prevención	<b>35</b>
CAT 11	Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais	<b>36</b>
CAT 12	Colaboración coa autoridade sanitaria na transmisión de información sobre sinistralidade laboral	<b>37</b>
CAT 13	Colaboración coa autoridade sanitaria para o intercambio de datos de vixancia da saúde dos traballadores	<b>38</b>
CAT 14	Colaboración coa autoridade sanitaria na transmisión de información sobre etiquetado e FDS de sustancias químicas	<b>39</b>
CAT 15	Propostas de colaboración coa autoridade sanitaria	<b>40</b>
CAT 16	Grupos de Traballo do Issga e do Consello Galego de Seguridade e Saúde no Traballo	<b>41</b>
CAT 17	Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST)	<b>41</b>
CAT 18	Colaboración con outras institucións e entidades	<b>42</b>
<b>Programas sectoriais de redución da sinistralidade</b>		
PR 1	Programa de protección das traballadoras embarazadas	<b>43</b>
PR 2	Programa de redución de accidentes por sobreesforzos	<b>44</b>
PR 3	Integración da prevención nos autónomos	<b>45</b>
PR 4	Programa forestal	<b>46</b>
PR 5	Programa de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro (Vixia e Segumar)	<b>47</b>
PR 6	Avaliación de riscos "tipo" de buque de baixura.	<b>48</b>
PR 7	Programa de grandes obras e obra civil	<b>49</b>
PR 8	Programa de Seguridade Viaria laboral	<b>50</b>
PR 9	Asesoramento no manexo de maquinaria agrícola	<b>51</b>
PR 10	Proxecto piloto en actividades económicas do sector primario: adegas e canteiras.	<b>52</b>
PR 11	Programa de asesoramento sectorial sobre xestión da prevención.	<b>53</b>
PR 12	Programa de asesoramento sectorial sobre risco químico	<b>54</b>
PR 13	Estudo de metodoloxías de mostraxe e avaliación hixiénica.	<b>55</b>
PR 14	Amianto: actuacións de verificación	<b>56</b>
PR 15	Mapa de riscos ergonómicos de Galicia	<b>57</b>
PR 16	Estudo ergonómico no sector das conservas de peixe	<b>58</b>
PR 17	Redución dos riscos psicosociais	<b>59</b>





<b>Formación, difusión e sensibilización</b>		
DFS 1	Publicacións	<b>60</b>
DFS 2	Materiais didácticos de prevención para o sector primario e os autónomos	<b>61</b>
DFS 3	Sistema de consultas	<b>62</b>
DFS 4	Páxina web	<b>62</b>
DFS 5	Xornadas e seminarios técnicos	<b>63</b>
DFS 6	Cursos de PRL	<b>64</b>
DFS 7	Formación específica para o sector primario.	<b>65</b>
DFS 8	Escola Galega de Prevención	<b>66</b>
DFS 9	Unidade docente para a formación de especialistas en medicina do traballo	<b>67</b>
DFS 10	Aula virtual do Issga	<b>68</b>
DFS 11	Promoción da saúde no lugar de traballo	<b>69</b>
DFS 12	Información e sensibilización no sector primario e traballadores autónomos.	<b>70</b>
DFS 13	Accións de sensibilización da sociedade fronte á sinistralidade laboral	<b>71</b>
DFS 14	Participación institucional	<b>72</b>



## Actuacións

<b>PM 1</b>	<b>Carta de servizos do Issga</b>				Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral estende a súa actuación a todas ás empresas e á totalidade de persoal traballador da Comunidade Autónoma de Galicia, pero ás súas actividades tamén ás cooperativas respecto dos seus asociados, e ao conxunto da poboación.</p> <p>Na procura de mellorar a calidade dos servizos que presta e definir os seus compromisos cos cidadáns, o Issga iniciou a elaboración da súa carta de servizos, segundo a metodoloxía establecida pola Xunta de Galicia para este procedemento, seguindo os pasos para unha carta auditada, aínda que o obxectivo inicial é a elaboración dunha carta base.</p> <p>Esta Carta é, por tanto, un instrumento de mellora continua, tanto da calidade dos servizos prestados, como da súa adecuación ás expectativas dos usuarios e, por tanto, da súa satisfacción.</p> <p>Servirá tamén para continuar a mellora da xestión que xa ven desenvolvendo o Issga dende anos atrás para adaptarse ás reducións de gasto.</p>						
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Determinar os aspectos clave dos servizos prestados, definindo a Carta de servizos do Issga.</p> <p>Unha vez elaborada, desenvolver as accións divulgativas para que poida ser coñecida polos usuarios e o persoal do Instituto.</p> <p>En función das expectativas detectadas durante a súa elaboración e os compromisos de mellora asumidos, adaptar os obxectivos e mesmo os procedementos operativos definidos para as actividades recollidas neste Plan e nos sucesivos, cando sexa preciso.</p>						
Area funcional	Dirección	SXAP SXTP	Colaboracións	DXARA	Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Obxectivo 3 Acción 2.6.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		



<b>PM 2</b>	<b>Xestión da Información</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Tanto a actividade do Observatorio coma as actuacións técnicas precisan dunha base informática para a adquisición, administración e o posterior acceso e explotación da información que se xera e procesa a diario.</p> <p>En etapas anteriores se desenvolveron aplicacións específicas, tanto de xestión de parte como de soporte a programas operativos, de carácter modular en moitos casos. A implantación destes módulos, especialmente para o procesamento da información procedente dos partes de accidentes e de enfermidades profesionais contribúe a depurar a información mellorando a súa calidade. Esta actividade está, consecuentemente, asociada á xestión de partes e ao Observatorio e a outras actividades recollidas neste Plan, como a CAT12 ou a CAT15.</p> <p>A xeración de novas ferramentas informáticas está precisa da colaboración da Amtega.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dotar ao Issga dun sistema integrado e común que facilite a xestión e acceso á información manexada polas diferentes áreas funcionais.</li> <li>- Mellorar calidade da información a capacidade da súa explotación.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver un módulo para a xestión da información dos partes de accidentes sen baixa.</li> <li>- Desenvolver un módulo para a xestión da información de partes de enfermidades profesionais.</li> <li>- Depurar procesos e introducir melloras nos módulos aplicativos do sistema xa implantados.</li> </ul>					
Area funcional	SXAP SXTP	Colaboracións	Amtega	Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Acción 2.6.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, g



<b>PM 3</b>	<b>Instrucións e procedementos de traballo</b>				Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A definición de criterios e procedementos de actuación e métodos de traballo é un instrumento de mellora da calidade que aporta solidez á actuación corporativa do Isga, por riba das peculiaridades estruturais dos seus centros territoriais e a independencia de xuízo dos seus técnicos</p> <p>Ao mesmo tempo, o inicio de actividades novas ou a procura de melloras na eficacia e eficiencia de outras que xa se desenvolven, precisa da definición dos métodos e procedementos de traballo axeitados, para adecualos ao marco dos fins e funcións que a Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, define para este organismo.</p>						
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedimentar os procesos e criterios mediante a redacción de instrucións de traballo e protocolos de actuación.</li> <li>- Apoiar, na medida do posible, con ferramentas informáticas de axuda á sistematización da información, en concordancia coa actuación anterior.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Implantar o uso da aplicación SERPA como fonte de información previa ás actuacións de campo.</li> <li>- Formar aos técnicos para a utilización de dita aplicación.</li> </ul>						
Area funcional	Dirección	SXAP SXTTP	Colaboracións	DXTES	Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Obxectivo 3 Acción 2.6.	Lei 14/2007: Funcións do Isga		Artigo 4º, v



PM 4	<b>Tramitación Delt@: mellora da calidade dos partes de accidente de traballo</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os datos recollidos nos partes de accidente de traballo son a base para a elaboración das estatísticas de sinistralidade, de diversas análises e estudos do Observatorio, e a planificación e definición do alcance dos diversos programas de asesoramento técnico e redución. Esta actividade está, por tanto, vinculada ás actividades MX2 e OGCT1 deste Plan, e de xeito implícito en gran número de outras actuacións.</p> <p>O Issga encárgase de validar a recepción dos partes, é dicir, a revisión dos datos cubertos nel, ben polo empresario ou pola entidade xestora colaboradora, para a súa recepción definitiva. Ademais desta tramitación administrativa, realízase unha depuración dos datos que expresan os partes, consistente na detección de erros e incoherencias e a procura da súa corrección, contribuindo deste xeito a depurar e mellorar a calidade da información de Delt@, e por tanto dos datos estatísticos e de planificación que del se extraen.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar a calidade do proceso de tramitación dos partes.</li> <li>- Dispoñer de datos fiables dos accidentes laborais para o seu tratamento e análise.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mantemento periódico, por parte do grupo de traballo de verificación e depuración de partes de accidentes graves e mortais constituído en 2012, do informe de seguimento de deficiencias elaborado no exercicio 2013. En consoancia coa actividade XP3.</li> <li>- Desenvolver un proxecto piloto, na provincia de Pontevedra, de análise de problemas e posibilidade de depuración de erros, coa colaboración dunha ou máis Mutuas, constituindo un grupo técnico no que participarán o persoal que tramita os partes e a xefatura do centro do Issga da dita provincia.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SS; ETS; ETML	Colaboracións	FREMAP MATEPSS	Sector/ ámbito	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 1.1	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º. b



<b>PM 5</b>	<b>Fondo documental</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A cantidade de documentación asociada á prevención dos riscos laborais medra e actualízase continuamente.</p> <p>Por unha banda, a normativa, que abrangue non só ás disposicións directamente relacionadas, senón que tamén abarca á lexislación nas materias industrial, sanitaria, e outras; por outra, os documentos de carácter normalizador, técnico ou divulgativo editados por diversos organismos públicos e privados.</p> <p>Finalmente, é importante coñecer as doutrinas e sentenzas que derivan da interpretación e aplicación das leis, para orientar os criterios e conclusións dos informes técnicos que se elaboren.</p> <p>Toda esta documentación precisa dunha xestión na que é fundamental a actualización, o mantemento e a difusión, para que deste xeito os técnicos do Isga poidan ter acceso directo á documentación existente en prevención de riscos laborais, e tamén para poñela a disposición dos visitantes da web.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter un sistema de xestión documental cos fondos bibliográficos existentes e coa adquisición e elaboración de novos documentos.</li> <li>- Actualizar na web o acceso á documentación.</li> </ul>				
Area funcional	SDFE; XC/SFC		Ámbito/sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx. 3 Acc 2.6 Obx. 5 Acc 2.6	Lei 14/2007: Funcións do Isga		Artigo 4º.g



<b>PM 6</b>	<b>Formación interna</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A actualización dos coñecementos e a adquisición de novas cualificacións en materia de prevención de riscos laborais dos técnicos do Issga fai imprescindible establecer un programa de formación interna mediante a súa asistencia a xornadas técnicas, seminarios, cursos e congresos, e a organización de cursos e xornadas do Issga para o seu propio persoal.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Organizar cursos internos de formación sobre temas específicos, para actualizar ou afondar os coñecementos do persoal ou para formalo sobre temas novos.</p>					
Area funcional	SDFE; SXTP; SXAP			Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.3;Acc. 2.6 Obx.4;Acc. 3.1	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º.g	



OGCT 1	<b>Observatorio Galego de condicións de traballo</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Creado coma un instrumento de xestión da información e análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora galega, recolle e analiza os indicadores preventivos de relevancia.</p> <p>O seu carácter de servizo público traduciuse o ano pasado no deseño e desenvolvemento de aplicacións web para consultas sobre sinistralidade e sobre os seus custos, e na publicación das enquisas realizadas sobre condicións de traballo e xestión da prevención nas empresas, tanto a nivel xeral como as radicadas en parques empresariais, tamén cunha aplicación web asociada, asemade da publicación periódica e anual das estatísticas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en Galicia.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento integrado da prevención de riscos laborais.</li> <li>- Elaborar e publicar as estatísticas periódicas sobre sinistralidade.</li> <li>- Estructurar, manter, xestionar e difundir a información obtida.</li> <li>- Levar a cabo análises dos riscos laborais dende unha perspectiva de xénero e en relación con colectivos de traballadores especialmente sensibles.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver as actividades específicas do Observatorio que se relacionan nas seguintes fichas.</li> <li>- Publicar e manter actualizados na páxina web do Issga todos os estudos estatísticos e informes derivados da actuacións técnicas .</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; STP; SS		Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Todas as liñas	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, b	





<b>OGCT 2</b>	<b>Estadísticas de sinistralidade laboral</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A estatística é unha ferramenta fundamental para obter información a partires de datos ou para desenvolver calquera proxecto de investigación. A análise dos datos estatísticos referentes aos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais constitúe un elemento esencial coñecer a evolución da sinistralidade e por tanto para a orientación e deseño dos plans de actuación preventiva e no seguimento da súa efectividade.</p> <p>Coñecer, tratar, elaborar os datos e difundir os correspondentes informes estatísticos sobre sinistralidade laboral, é unha das funcións primordiais do Issga.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Extracción e tratamento dos datos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.</li> <li>- Análise estatística e agrupación por sectores e provincias.</li> <li>- Elaboración e publicación mensual e anual das estatísticas de sinistralidade tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SS;	Colaboracións	ETML	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 1.2.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, b



<b>OGCT 3</b>	<b>Análises da sinistralidade laboral segundo variables específicas, por tipo de danos ou colectivos singulares</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En 2011 comezáronse a desenvolver, por parte do Observatorio, estudos analíticos específicos relacionados con distintas variables de interese, que se definiron de carácter permanente.</p> <p>Por unha banda, os accidentes laborais por forma non traumática, que inclúen os producidos por infartos, derrames cerebrais e outras lesións non traumáticas, teñen un importante peso na estatística de sinistralidade laboral, especialmente no que se refire aos accidentes mortais.</p> <p>Por outra, os accidentes de tráfico manteñen unha alta incidencia, que non reflicte o descenso nos últimos anos do número total de vítimas na carretera.</p> <p>Debido á súa importancia, por gravidade e por incidencia, publicarase na web do Observatorio a actualización do estudo destes tipos de accidente.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar os accidentes de traballo producidos de forma non traumática, desagregados por sexo, tipo e sector.</li> <li>- Analizar os accidentes de traballo “in itinere” e en misión, desagregados por sexo, gravidade, tipo de contrato, tamaño de empresa e sector.</li> <li>- Elaboración e publicación na web dos documentos relacionados.</li> <li>- Publicación da sinistralidade na administración autonómica.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; SS	Colaboracións	SPP Xunta	Ámbito/ sector
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Accs 2.1 e 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, b	



<b>OGCT 4</b>	<b>Estudo dos accidentes laborais por sobreesforzos</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Esta análise, tamén de carácter permanente, ten importancia singular pola alta incidencia dos sobreesforzos e o seu peso na sinistralidade, pois supoñen aproximadamente a terceira parte do total de accidentes con baixa, e por iso se individualiza como actividade singular, aparte das actualizacións mencionadas na ficha anterior.</p> <p>Ademais é preciso analizar estes accidentes tendo en conta a posibilidade da notificación errónea de casos que corresponden en realidade a enfermidades profesionais orixinadas por axentes físicos.</p> <p>Por todo isto, o Issga actualizará permanentemente o estudo estatístico dos accidentes de traballo debidos a sobreesforzos, para un mellor coñecemento conducente a unha prevención máis eficaz.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudo estatístico e análise dos accidentes de traballo por sobreesforzos segundo sectores e outras variables de interese.</li> <li>- Cuantificación dos partes de accidente por sobreesforzos que en realidade corresponden a enfermidades profesionais.</li> <li>- Elaboración e publicación dos documentos obtidos.</li> </ul>					
Area funcional	SS; SEPA			Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Accs. 2.1 e 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, b	



<b>OGCT 5</b>	<b>Análise das enfermidades profesionais en Galicia</b>			Anual
<p><b>Descrición</b></p> <p>Ainda que o Issga publica periódicamente estatísticas de enfermidades profesionais, estes datos permitan extraer só conclusións de carácter xenérico. Como información complementaria ao mapa das enfermidades profesionais, elaborado en 2013 e que se publicará neste, realizarase unha análise máis pormenorizada que as estatísticas antes mencionadas, atendendo ás variables que resulten de interese para obter conclusións útiles, tanto para unha mellor formulación de políticas preventivas como para programar actuacións concretas.</p> <p>Esta actividade está vinculada ademáis coa investigación das enfermidades profesionais, aproveitando a información obtida para conseguir unha maior precisión nesta análise.</p>				
<p><b>Obxectivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desagregar e explotar a información obtida dos partes das enfermidades profesionais declaradas na poboación galega ocupada.</li> <li>- Analizar e depurar os erros de codificación das EP comunicadas.</li> <li>- Publicar os resultados, engadíndoos ao mapa de enfermidades profesionais.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; SS; ETML		Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Accs 1.4 e 2.1	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, u	



<b>OGCT 6</b>	<b>Estudo da evolución da sinistralidade laboral en Galicia</b>			Anual
<p><b>Descrición</b></p> <p>Na publicación sobre sinistralidade laboral que elabora o Issga con periodicidade anual, figura un apartado coa variación interanual dos accidentes, por gravidade, do último decenio. Esta información, aínda que útil, e moi xenérica, polo que, coincidindo co último ano de vixencia do Plan estratéxico para a prevención dos riscos laborais en Galicia 2011-2014, elaborárase un estudo máis amplo, engadindo variables cuxa evolución no tempo pode ser de interese, como por exemplo sector, sexo, idade, ou outras.</p> <p>Este estudo terá a utilidade engadida de servir de base para o diagnóstico previo á redacción do próximo plan estratéxico, ao constar de series temporais que poden aportar o coñecemento de puntos críticos nos que incidir de xeito especial.</p>				
<p><b>Obxectivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desagregar e explotar a información obtida dos partes de accidentes no último decenio.</li> <li>- Coñecer a evolución destes e os cambios máis significativos.</li> <li>- Publicar os resultados, incluílos no anuario de sinistralidade de 2014, e aproveitalos para o diagnóstico de situación de partida do plan estartéxico posterior.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; SS		Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Accs 1.2 e 2.1	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, b	



<b>IS 1</b>	<b>Investigación de accidentes de traballo</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións.</p> <p>Ao mesmo tempo, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Investigación dos accidentes graves e mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares.</li> <li>- Investigación de accidentes leves con características peculiares (número de accidentados, sector, etc.).</li> <li>- Investigación de outros accidentes a requirimento da ITSS ou autoridade xudicial.</li> <li>- Análise das causas e formas de produción e extracción das conclusións correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	ETS	Colaboracións	EETT (cando proceda)	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 1.5.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, a



<b>IS 2</b>	<b>Investigación de accidentes para a fiscalía</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Consonte ao protocolo de coordinación asinado entre a Consellería de Traballo (actualmente, Consellería de Traballo e Benestar) e o Ministerio Fiscal para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.</p> <p>Trátase neste caso de investigar a requirimento e con presteza os accidentes que puideran dar lugar á esixencia de responsabilidades penais.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación de quendas de garda para atención inmediata dos requirimentos recibidos.</li> <li>- Coordinación coas forzas e corpos de seguridade e coa Inspección de Traballo para unha atención inmediata.</li> <li>- Elaboración dos informes correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	STP; XC ETS	Colaboracións	ITSS; Corpos e forzas seguridade; Fiscalía	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Acción 3.5.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, q	



<b>IS 3</b>	<b>Investigación de enfermidades profesionais</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A investigación das enfermidades profesionais e as súas repercusións, permite coñecer as causas que as provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións.</p> <p>Asemade, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Investigar todas as enfermidades profesionais dos grupos 1,2,3,4,5 e 6, agás do grupo 2D que, por supor o 85%, investigárase por incidencia.</li> <li>- Revisar o procedemento de investigación de enfermidades profesionais</li> <li>- Mellorar a aplicación informática para a recollida das variables, con miras a analizar resultados, carencias, infraccións, etc.</li> <li>- Incluír aspectos relacionados co xénero.</li> <li>- Trasladar á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social(DGOSS), aqueles casos ou expedientes nos que tras indicar á MATEPSS que emende as desviacións detectadas nos partes CEPROSS durante o proceso da investigación da EP, non se observe na aplicación o devandito cambio. En particular nas codificacións CIE e grupo EP.</li> <li>- Unificar criterios cando haxa discrepancia na comunicación do tipo de proceso ou na súa codificación.</li> </ul>					
Area funcional	ETML	Colaboracións	ETH (Cando proceda)	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, a





IS 4	<b>Fichas de investigación de accidentes laborais e enfermidades profesionais</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A análise dos accidentes de traballo graves e mortais, actividade iniciada no exercicio anterior polo Issga, da que xa se publicou o primeiro informen a web, proporciona unha visión conxunta das causas da sinistralidade, pero non pode aportar propostas concretas de medidas preventivas nin inclúe ás enfermidades profesionais.</p> <p>Como exemplo de casos concretos, e con carácter divulgativo, con esta actividade describíranse situacións de traballo reais nas que se produciron ou se poden producir danos á saúde dos traballadores, identificando os elementos máis relevantes que os desencadearon, así como as medidas preventivas axeitadas.</p> <p>Consistirá, por tanto, na publicación de extractos das investigacións de accidentes e enfermidades profesionais, como información práctica para facilitar a aproximación do usuario ás súas condicións reais de traballo e poder utilizar esa información, tanto para avaliar os riscos como para planificar a súa prevención.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproveitar a información obtida das investigacións de accidentes e enfermidades profesionais.</li> <li>- Divulgar información práctica sobre situacións reais que produciron danos para a saúde dos traballadores.</li> <li>- Proporcionar os exemplos de medidas preventivas axeitadas en cada caso, e aplicables a condicións ou situacións similares.</li> </ul>					
Area funcional	ETS; ETML	Colaboracións	ETH (Cando proceda)	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 2.1.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, a



CAT 1	<b>Asistencia técnica a solicitude de representantes de traballadores e de empresarios</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Issga, como organismo técnico de referencia, e consonte aos fins que lle asigna a Lei 14/2007, nomeadamente a prestación ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, realiza a análise das condicións de traballo cando así o solicita calquera das partes implicadas na prevención de riscos laborais, ou mesmo a autoridade xudicial.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prestar asesoramento técnico aos colectivos mencionados en materia de seguridade e saúde laboral, dando resposta ás solicitudes que se reciban, consonte ao protocolo de actuacións aprobado pola Comisión de goberno do issga.</li> <li>- Elaboración de informes técnicos sobre condicións de traballo e cumprimento de normativa en materia de prevención de riscos laborais, investigación de danos para a saúde de orixe laboral, e remisión, no seu caso, á autoridade xudicial e á Inspección de Traballo e Seguridade Social.</li> </ul>					
Area funcional	STP; EETT	Colaboracións	Axentes Sociais	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.1;Acc 2.3. Obx.5;Acc 2.8.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, v		



CAT 2	<b>Actuacións comprobatorias: actividade dos técnicos habilitados</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En Galicia dispónse de once técnicos habilitados pola autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo.</p> <p>En 2009 desenvolveuse unha instrución de traballo sobre as súas actuacións e un aplicativo informático para rexistralas.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>As súas actividades, de acordo co artigo 1 da Lei 54/2003, programaranse na Comisión Territorial da ITSS. En todo caso, realizaranse as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Selección de empresas.</li> <li>- Desenvolver as actuacións comprobatorias acordadas, nos termos previstos na instrución 3/2009, segundo a programación aprobada pola Comisión Consultiva Tripartita da ITSS de Galicia o 26 de novembro de 2013.</li> <li>- Rexistro informático e documental sistemáticos de todas as fases de dito procedemento.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Constituír un grupo de traballo dos habilitados do Issga, para a actualización, se procede, da instrución 3/2009, e a unificación de criterios e da práctica operativa.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; EETT	Colaboracións	ITSS	Ámbito/ sector	Multisectorial/ PEME
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acción 3.4.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, r		



CAT 3	<b>Actividade do Laboratorio de hixiene analítica</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Pola súa consideración como órgano do Instituto, recollida no artigo 8 do Decreto 130/2008, a súa transversalidade coma servizo interno de apoio aos Centros no desenvolvemento de programas de investigación e control, e a especificidade do seu labor, en anos anteriores dedicouse ao LHA un eixo específico.</p> <p>Toda vez que xa se dispón da acreditación ENAC da UNE-EN ISO-IEC17025 e de prezos, as actividades de aseguramento da calidade e normalización do LHA, así como a súa instauración como servizo á sociedade pódense considerar realizadas, pasando a desenvolver a súa actividade dun xeito normal cos fins previstos.</p> <p>Solicitada xa á autoridade laboral a acreditación necesaria o para reconto de frebas de amianto, esta determinación pasa a formar parte do grupo de análises que presta o laboratorio.</p> <p>Por outra banda, como apoio á actividade PR 13 do estudo de metodoloxías de mostraxe e avaliación en hixiene, o laboratorio realizará as determinacións analíticas correspondentes.</p>					
<p><b>Obxectivo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar as determinacións analíticas demandadas por servizos de prevención ou as que sexan necesarias no desenvolvemento de investigacións ou accións de control desenvolvidas polo Issga.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicar os prezos privados das determinacións analíticas de reconto de frebas de amianto.</li> <li>- Analizar as mostras obtidas nas medicións hixiénicas da actividade PR 13.</li> </ul>					
Area funcional	LHA	Colaboracións	ETH	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, v



CAT 4	<b>Colaboración e asesoramento técnico á autoridade laboral: Servizos de prevención alleos e entidades auditoras. Entidades e actividades formativas</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A acreditación pola autoridade laboral de servizos de prevención alleos e a autorización de funcionamento das entidades que desempeñen as actividades de auditoría, precisan de informes técnicos que elabora o Issga, segundo o especificado nos Arts. 27 y 33 do Regulamento dos Servizos de Prevención.</p> <p>Pola súa banda, a autorización pola autoridade laboral de entidades formativas e das súas actividades, precisa de informes técnicos que elabora o Issga, sobre os requisitos establecidos no Capítulo III da Orde do 27 de xuño de 1997 (ministerial) e no Art. 2 da Orde do 25 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.</p> <p>Ademáis, a autoridade laboral pode requirir a verificación do cumprimento de actividades formativas e as condicións nas que se realizan.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar as solicitudes remitidas pola autoridade laboral.</li> <li>- Verificar, por parte dos técnicos do Issga, o cumprimento das condicións de autorización ditadas pola autoridade laboral.</li> <li>- Emitir os informes correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	STP; XC; SFC			Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 2 Acc. 2.3 e 3.1	Lei 14/2007:	Funcións do Issga	Artigo 4º, m; v	



CAT 5	<b>RERA e plans de traballo con risco por amianto</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En cumprimento da encomenda do desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto (Orde do 2 de decembro de 2008, DOG núm. 240 do 11 de decembro de 2008).</p> <p>Entre estas actividades están a xestión do Rexistro de empresas con risco pos amianto (RERA), a recepción e tramitación dos plans de traballo ata a súa aprobación, os requirimentos e comunicacións de diferente índole que hai que realizar aos interesados, as notificacións das resolucións ditadas pola autoridade laboral, e a recepción e arquivo das fichas de avaliación da exposición dos traballadores.</p> <p>No ano 2009 elaborouse a Instrución 2/2009 que marca os criterios principais e procedementais polos que se rexe a actividade do Isga con respecto ó tratado neste epígrafe.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cumprimento de todas as tarefas relacionadas coa encomenda de xestión antes nomeada.</li> <li>- Uso sistemático da aplicación informática desenvolvida para a optimización da xestión de todos os datos relacionados cos trámites e rexistros sinalados.</li> <li>- Propiciar a colaboración con Sanidade para o rexistro de traballadores expostos, para o mellor cumprimento da actividade CAT13.</li> <li>- Complementar estas accións coa elaboración de material divulgativo-informativo.</li> <li>- Asesoramento ás empresas sobre requisitos do trámite administrativo.</li> </ul>					
Area funcional	SHI; ETH	Colaboracións	ITSS Autoridade laboral	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.1; Acc 3.3 Obx.4; Acc 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Isga	Artigo 4º, s		



CAT 6	<b>Asistencia técnica á Inspección de Traballo e Seguridade Social</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Consonte ao artigo 9 da Lei de prevención de riscos laborais, as administracións das comunidades autónomas adoptarán, no seu ámbito de competencia, as medidas necesarias para garantir a colaboración pericial e o asesoramento técnico necesarios á Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS).</p> <p>Independentemente das actividades IS1 a 3, relativas á investigación dos danos para a saúde dos traballadores, e a CAT2, referida ás actuacións comprobatorias dos técnicos habilitados, o asesoramento e asistencia técnica á ITSS, tanto no marco dos seus programas operativos como no control do cumprimento da normativa que realiza nas empresas, é unha actividade que o Isga desenvolve con regularidade.</p> <p>Dito asesoramento e asistencia pódese desenvolver atendendo a requirimentos de carácter formal, concreto e puntual, para actuacións non programadas, consecuencia de sinistros ou circunstancias sobrevidas, ou no marco de programas da ITSS, en cuxo caso estarán en consoancia coa planificación do Isga.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Asesorar tecnicamente á ITSS.</li> <li>- Transmitirlle todos os informes relativos ás investigacións dos danos para os traballadores xerados como resultado das actividades IS1, IS2 e IS3.</li> <li>- Colaborar do desenvolvemento de programas concretos.</li> <li>- Participar, a nivel nacional, no desenvolvemento, por parte da ITSS, dun sistema de reconstrución de accidentes de traballo</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; XC	Colaboracións	ITSS	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Liñas 2 e 3	Lei 14/2007: Funcións do Isga	Art. 4º, f; r		



CAT 7	<b>Actuacións a solicitude da autoridade xudicial</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A Lei de prevención de riscos laborais impón ao empresario e ao traballador unha serie de obrigas co fin de garantir a seguridade e a saúde no traballo. O incumprimento destas obrigas, aínda sen resultado lesivo para o traballador, pode orixinar de forma alternativa ou acumulativa, segundo o caso, o nacemento de tres clases de responsabilidades: Administrativa, Penal e Civil.</p> <p>Tamén outros suxeitos, como fabricantes ou importadores, ou os técnicos de prevención poden incurrir en responsabilidades esixibles en vía xudicial, sexa penal ou civilmente, sen prexuízo das responsabilidades administrativas ou doutra índole da empresa ou outros suxeitos.</p> <p>Para a aplicación da Lei, e na determinación de ditas responsabilidades, os xuices e tribunais precisan en moitos casos do informe e asesoramento de expertos, imparcial e técnicamente rigoroso, que o axuden na toma de decisións.</p> <p>Os técnicos do Issga son requiridos frecuentemente para prestar dito asesoramento nas vistas celebradas nos xulgados, a cotío como consecuencia de ter investigado as enfermidades profesionais ou os accidentes laborias con resultado de lesións ou morte.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Prestar o asesoramento que requiran os xuices ou tribunais, coa emisión de informes ou a concorrencia ás vistas que se lles requira</p>					
Area funcional	SXTP; XC			Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4, f		





CAT 8	<b>Asistencia técnica a organismos da AXE:          DGOSS: Informes de coeficientes redutores          INSS: Equipos de valoración de incapacidades</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Real Decreto 1698/2011, de 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, require dun informe previo á resolución sobre a asignación dos coeficientes redutores. Estes informes realízaos o persoal técnico do Issga.</p> <p>Por outra banda, o Art. 2.4.2 do Real Decreto 1300/1995, de 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do Sistema da Seguridade Social, a Lei 42/1994, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, técnicos do Issga participan nos Equipos de Valoración de Incapacidades, a nivel provincial, informando sobre os expedientes e nos termos que lle son requiridos.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Emisión dos informes correspondentes á avaliación dos postos susceptibles de asignación de coeficiente redutor.</li> <li>- Colaborar coas direccións provinciais do INSS participando nos seus Equipos de Valoración de Incapacidades.</li> </ul>				
Area funcional	XC; ETH		Ámbito/ sector	Hixiene Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 3 Acc. 2.1. e 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, f	



CAT 9	<b>Asesoramento á autoridade sanitaria nos casos de sospeita de enfermidade profesional</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O artigo 3 do RD 1299/2006 atribúe á entidade xestora respectiva a cualificación das enfermidades como profesionais. Máis adiante, no artigo 5 indica que, cando os facultativos do Sistema Nacional de Saúde ou os do servizo de prevención teñan coñecemento dunha enfermidade que podería ser cualificada como profesional, ou cuxa orixe profesional se sospeite, o comunicarán a través do organismo competente de cada comunidade autónoma á entidade xestora, aos efectos da súa cualificación e, no seu caso, á entidade colaboradora da Seguridade Social que asuma la protección das continxencias profesionais.</p> <p>A confirmación de dita sospeita precisa establecer a correlación entre o diagnóstico e os factores de risco laboral aos que está exposto o traballador. Os equipos técnicos de medicina laboral do Issga, especialistas no traballo, poden aportar os seus coñecementos e a experiencia adquirida na investigación de enfermidades profesionais, para determinar ou descartar dita correlación, e poden aportar á autoridade sanitaria a asistencia técnica precisa.</p> <p>Pola súa banda, o Plan Estratéxico para a PRL en Galicia 2011-2014 recolle explicitamente a necesidade de “implicar á Atención Primaria na comunicación de enfermidades profesionais, de xeito que dende o sistema público de saúde se poidan detectar enfermidades profesionais, coa colaboración e asistencia do Issga e as unidades de saúde laboral da inspección sanitaria”.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aquirir un maior coñecemento sobre as enfermidades profesionais.</li> <li>- Identificar os sectores laborais de maior risco e visualizar as enfermidades profesionais en actividades ata agora non presentes.</li> <li>- Participar na elaboración de guías de axuda ao diagnóstico das enfermidades profesionais xunto cos integrantes da Plataforma técnica de Saúde Laboral da autoridade sanitaria, para facilitar aos facultativos a identificación das doenzas que poideran ter unha orixe laboral.</li> <li>- Colaborar na formación en salud laboral de facultativos de Atención Primaria para a identificación das enfermidades profesionais.</li> <li>- Prestar apoio á súa Unidade Central de Saúde Laboral na mellora e avaliación continua do procedemento e na actualización da guía .</li> <li>- Estudar, a solicitude da autoridade sanitaria, as comunicacións de sospeita de enfermidades profesionais e elaborar o informe correspondente, confirmando ou descartando a relación etiolóxica.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección; ETML	Colaboracións	Unidade Central de Saúde Laboral	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx. 3 Acc. 2.5 Obx. 6 ; 1.3 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, n



CAT 10	<b>Asesoramento á autoridade sanitaria sobre comunicación de deficiencias nas actividades sanitarias dos servizos de prevención</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A participación da autoridade sanitaria, na parte que lle compete, é fundamental no deseño e desenvolvemento das políticas públicas de PRL. A necesidade de coordinación entre as Administracións competentes en materia laboral, sanitaria e industrial exprésase no artigo 11 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais.</p> <p>O artigo 10 desta Lei, e o Capítulo IV da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, definen en termos xerais as actuacións coas que facer efectiva dita participación. Parte destas actuacións son recollidas nas funcións n) e ñ) do Issga, en cuxa Comisión de goberno resérvase unha vicepresidencia para a persoa que represente á consellería competente en materia de sanidade.</p> <p>Compre que esta colaboración e coordinación vaia alén do carácter formal e se substancie de xeito operativo, como indican boa parte das accións da segunda liña. do obxectivo 3 do Plan Estratéxico 2011-2014. Isto propiciaría un mellor coñecemento das patoloxías de orixe laboral e da súa prevalenza, a determinación da orixe laboral ou non de casos concretos, e unha declaración de enfermidades profesionais máis precisa e próxima ao número real de casos.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>-Comunicar á autoridade sanitaria as desviacións detectadas polo Issga nas actuacións sanitarias dos servizos de prevención .</p>					
Area funcional	Dirección; ETML	Colaboracións	SXTCS	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 2 Acción 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, ñ



CAT 11	<b>Comisión permanente de integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Constituída en novembro de 2010 como órgano colexiado adscrito ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, consonte o <i>Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral</i> e o <i>Decreto 181/2008, do 24 de xullo, polo que se regula o Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais, e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais</i>, coa composición expresada na Resolución de 14 de outubro pola que se crea e se nomean os seus membros.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <p>Asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propoñendo directrices sobre avaliación do risco para a saúde ou a seguridade da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación.</li> <li>- Asesorando as actuacións especiais en materia de prevención de riscos laborais que sobre sectores laborais feminizados realice a Administración Pública Autonómica.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar unha análise das enfermidades profesionais en sectores feminizados, como complemento á realizada anteriormente sobre sinistralidade.</li> <li>- Publicar, en consoancia coas actividades PR 16 e DFS 2 guías de boas prácticas en sectores feminizados.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección	Colaboracións	Axentes sociais Cons.Traballo e B	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Acc. 2.1. e 2.2.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, d



CAT 12	<b>Colaboración coa autoridade sanitaria na transmisión de información sobre sinistralidade laboral</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Issga toma parte na tramitación dos partes de accidente laboral e ten acceso aos datos das enfermidades profesionais. Pola súa banda, a Inspección Sanitaria de Galicia desenvolve o Programa especial de detección de asistencia sanitaria con terceiros obrigados ao pagamento, cuxo obxectivo xeral principal é exercer o control do aseguramento e/ou existencia de dereito de acceso ao sistema público polos diferentes usuarios, detectando as responsabilidades de terceiros obrigados ao pagamento e dirixindo e instrumentando as accións oportunas para detectar estes Servizos e proceder a facilitar a súa facturación.</p> <p>O artigo 11 da Lei de prevención de riscos laborais, sinala que a elaboración de normas preventivas e o control do seu cumprimento, a promoción da prevención, a investigación e vixilancia epidemiolóxica sobre riscos laborais, accidentes de traballo e enfermidades profesionais determinan a necesidade de coordinar as actuacións das Administracións competentes en materia laboral e sanitaria.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Transmitir á autoridade sanitaria a información relativa a accidentes de traballo e enfermidades profesionais que demande</p>					
Area funcional	Dirección; SXTP	Colaboracións	SXTCS Sergas	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx. 3; Acc. 2.2 Obx. 6; Acc. 1.4	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, f	



CAT 13	<b>Colaboración coa autoridade sanitaria para o intercambio de datos de vixilancia da saúde dos traballadores</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Real decreto 396/2006 establece a obriga dunha vixilancia adecuada e específica vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos por exposición a amianto, e a remisión anual á autoridade sanitaria das fichas para o rexistro de datos sobre a vixilancia sanitaria específica. Por outra banda, obriga á remisión anual á autoridade laboral das fichas para o rexistro de datos de avaliación da exposición dos traballos con amianto.</p> <p>Ademais, a mesma norma esixe que os rexistros das Administracións competentes na materia estean intercomunicados para poder dispoñer de toda a información que conteñen.</p> <p>En outubro de 2012 asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Consellería de Sanidade para o intercambio de información sobre os riscos de exposición laboral ao amianto.</p> <p>O intercambio desta información permitirá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• colaborar na elaboración do rexistro de traballadores expostos a amianto,</li> <li>• favorecer a comunicación de patoloxías ao sistema CEPROSS,</li> <li>• actuar sobre as condicións de traballo no caso de que se detecten patoloxías,</li> <li>• exercer un mellor control sobre o correcto seguimento dos traballadores.</li> <li>• detectar deficiencias na actividade dos servizos de prevención</li> <li>• identificar empresas que non estean inscritas no RERA</li> </ul> <p>A transmisión deste tipo de información pode estenderse, alén da exposición ao amianto, a outros riscos sobre os que o Issga desenvolve a súa actividade.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Intercambio de información relativa a datos de exposición e vixilancia da saúde de traballadores expostos ao amianto. A separación de competencias nesta materia leva asociada a necesidade de dispoñer de soportes informáticos para a xestión dos datos que recollen e que é preciso integrar para poder levar un control de xeito integral destas exposicións laborais e os resultados da vixilancia da saúde dos traballadores expostos.</p> <p>- Intercambio de información dos estudos ou actuacións desenvolvidas polo Issga no ámbito da saúde laboral (aglomerados de cuarzo, estudo de canteiras, mapa de risco químico, mariscadoras, redeiras, etc)</p>					
Area funcional	Dirección; ETH;ETML	Colaboracións	DXIXSP	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx. 3; Acc. 2.2 Obx. 6; Acc. 1.4	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, k; n



CAT 14	<b>Colaboración coa autoridade sanitaria na transmisión de información sobre etiquetado e FDS de substancias químicas</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A ficha de datos de seguridade (FDS), regulada polo Regulamento CE 1907/2006 relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), constitúe unha ferramenta básica para identificar e avaliar o risco derivado da presenza de produtos químicos nos lugares de traballo.</p> <p>A Lei 8/2010, de 31 marzo, que establece o réxime sancionador dos regulamentos REACH e CLP, atribúe as funcións de vixilancia, inspección e control do correcto cumprimento destes regulamentos á administración sanitaria das comunidades autónomas.</p> <p>No desenvolvemento do mapa de Risco químico de Galicia, actividade PR 15 dos anos 2010, 2011 e 2012, supuxo a revisión de máis de 7.500 FDS, atopándose entre elas un número significado de deficiencias. Compre que a autoridade competente teña coñecemento delas, para actuar segundo considere sobre os suxeitos responsables da FDS: provedores, comercializadores e importadores dos produtos químicos perigosos.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Transmitir á autoridade competente a información relativa as deficiencias detectadas no etiquetado e comercialización de produtos químicos, nas actuacións desenvolvidas no marco do Mapa de Risco Químico de Galicia.</p>				
Area funcional	Dirección; ETH	Colaboracións	DXIXSP	Sector/ ámbito Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Acción 2.2	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, k



CAT 15	<b>Propostas de colaboración coa autoridade sanitaria</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A participación da autoridade sanitaria, na parte que lle compete, é fundamental no deseño e desenvolvemento das políticas públicas de PRL. A necesidade de coordinación entre as Administracións competentes en materia laboral, sanitaria e industrial exprésase no artigo 11 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais.</p> <p>O artigo 10 desta Lei, e o Capítulo IV da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, definen en termos xerais as actuacións coas que facer efectiva dita participación. Parte destas actuacións son recollidas nas funcións n) e ñ) do Issga, en cuxa Comisión de goberno resérvase unha vicepresidencia para a persoa que represente á consellería competente en materia de sanidade.</p> <p>Compre que esta colaboración e coordinación vaia alén do carácter formal e se substancie de xeito operativo, como indican boa parte das accións da segunda liña do obxectivo 3 do Plan Estratéxico 2011-2014. Isto propiciaría un mellor coñecemento das patoloxías de orixe laboral e da súa prevaenza, a determinación da orixe laboral ou non de casos concretos, e unha declaración de enfermidades profesionais máis precisa e próxima ao número real de casos.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propiciar a colaboración coas unidades administrativas correspondentes da Consellería de Sanidade, para establecer mecanismos concretos de cooperación, nos seguintes temas: <ul style="list-style-type: none"> <li>-- Vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral no ámbito estratéxico e operativo, consonte á función n) do Issga, das enumeradas no art. 4 da Lei 14/2007.</li> <li>-- Asesoramento e asistencia técnica por parte do Issga na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención e mais na avaliación da súa actividade sanitaria, consonte á función ñ) do Issga, das enumeradas no art. 4 da Lei 14/2007.</li> </ul> </li> </ul>					
Area funcional	Dirección; ETML	Colaboracións	Consellería Sanidade	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx. 3; Acc. 2.2 Obx. 6; Acc. 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, n; ñ





<b>CAT 16</b>	<b>Grupos de Traballo do Issga e do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
<p>A participación técnica das entidades representadas na Comisión de Goberno do Issga substanciase coa constitución de grupos de traballo sobre temas concretos no seo deste Instituto.</p> <p>Por outra banda, o CGSSL encomendou ao Issga a constitución e coordinación de dous grupos técnicos de traballo dos citados no artigo 17 da Lei 14/2007 (amianto e silicose).</p> <p>Asemade participa no grupo de desenvolvemento do Plan Estratéxico 2011-2014.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
- Impulsar e coordinar as actividades dos grupos.					
Area funcional	Dirección; SXTP; XC	Colaboracións	Axentes sociais	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx.3;Acc 1.2. Obx.3;Acc 1.8.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, h; q
<b>CAT 17</b>	<b>Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST)</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
<p>Os Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST), permanentes ou temporais, creáronse para o estudo de temas específicos ou cuestións concretas, determinando e especificando tanto as súas funcións coma a súa composición.</p> <p>En representación da Administración autonómica de Galicia, os técnicos do Issga colaboran nos traballos desenvolvidos por estes grupos, tendo por tanto unha intervención activa nos estudos e nas políticas preventivas de nivel estatal.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
Manter, e na medida do posible, ampliar a participación do Issga nestes grupos de traballo.					
Area funcional	Dirección; SXTP; XC			Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx.3;Acc 2.1. Obx.6;Acc 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, s



CAT 18	<b>Colaboración con outras institucións e entidades</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En cumprimento das nosas funcións de colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras institucións e entidades tanto públicas como privadas, compre establecer mecanismos regrados de xeito que ditas colaboracións queden rexistradas e delimitadas.</p> <p>Por tanto propiciaranse as colaboracións que poidan redundar tanto na mellora das condicións de traballo en Galicia, como na adquisición de coñecemento preciso para lograla.</p> <p>Estas articularanse como acordos marco de colaboración, cando se pretenda que esta sexa estable e de longa duración, ou como convenios de colaboración ou protocolos de actuación que amporen actuacións máis concretas.</p> <p>Noutros casos, a colaboración establécese no marco das competencias e actividades doutros organos da administración, como é o caso da participación do Issga nos Plans de Emerxencia Exterior, no Plan de Seguridade Viaria de Galicia, ou na colaboración para a aplicación da Ley Xeral para a defensa de consumidores e usuarios</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar e promover actividades para a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral, a redución dos riscos laborais, promover a investigación de novos métodos e técnicas de seguridade, etc.</li> <li>- Implicar a terceiros para mellorar o estado da PRL no seu ámbito.</li> <li>- Subscrición de acordos de colaboración, protocolos e /ou outros instrumentos de colaboración.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualizar o Convenio de colaboración suscrito coa Fundación Laboral da Construción, para adaptalo ao V Convenio Colectivo do Sector da Construción.</li> <li>- Convocar as comisións de seguimento dos convenios en vigor.</li> </ul>				
Area funcional	Dirección SOTP SXAP		Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Toda a Liña 3	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, q



PR 1	<b>Programa de protección das traballadoras embarazadas</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O artigo 26 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, indica a obriga da toma en consideración da posible repercusión sobre o embarazo ou a lactancia das traballadoras, na avaliación dos riscos, e as medidas pertinentes, caso de detección de riscos.</p> <p>Pola súa banda, o R.D. 298/2009 inclúe dous anexos contendo unha lista non exhaustiva de axentes, procedementos e condicións de traballo que, respectivamente, poden influír negativamente na saúde das traballadoras nesta condición, ou aos que non se pode expoñer.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verificar a implantación da devandita obriga no desenvolvemento de todas as actuacións de asesoramento ou comprobatorias que nas empresas realicen os técnicos do Issga.</li> <li>- Determinar a existencia de condicións listadas nos anexos devanditos do RD 298/2009.</li> <li>- Comprobar que se prevén as medidas expresadas no art. 26.1, ou no seu defecto, os postos exentos de risco a que se refire o art. 26.2.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver unha instrución para a correcta toma dos datos asociados a este programa.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; SEPA; EETT	Colaboracións	Comisión Igualdade	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Accs. 2.4 e 3.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, i



PR 2	<b>Programa de redución de accidentes por sobreesforzo</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Na maioría de comunidades autónomas véñense desenvolvendo dende hai anos plans ou programas específicos dirixidos ás empresas de alto índice de sinistralidade en relación co seu sector e cun número absoluto de accidentes por riba dun umbral. Dada a alta porcentaxe dos accidentes producidos por sobreesforzos, continuarase este programa dirixido especificamente ao asesoramento ás empresas que teñan alta incidencia deste tipo de sinistros para reducir os seus índices.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a taxa de produción de sobreesforzos nas empresas que tivesen un elevado número ou alta taxa de accidentes por sobreesforzo.</li> <li>- Determinar as causas destes accidentes, e optimizar a súa investigación.</li> <li>- Valorar a adecuación da avaliación de riscos e planificación preventiva ás situacións de risco analizadas.</li> <li>- Asesorar ás empresas sobre as medidas técnicas e organizativas máis axeitadas para a redución deste tipo de sinistros.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propoñer programas de redución en colaboración con empresas nas que este risco é significativo.</li> <li>- Colaborar, se é o caso, coa ITSS no desenvolvemento de programas concretos de redución, especialmente no sector servizos.</li> <li>- Desenvolver campañas informativas en determinados sectores para os que o Isga ten elaborado guías de boas prácticas ou outro material divulgativo (en consoancia coas actividades PR16 e DFS2 deste plan e a PR14 de 2013)</li> <li>- Publicar unha guía básica en ergonomía.</li> </ul>					
Area funcional	STP; ETS; XC	Colaboracións	OGCT	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Accs 3.2. e 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do Isga		Artigo 4º, a; j	



PR 3	Integración da prevención nos autónomos			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Na economía de Galicia, algúns sectores de tradición e peso, como a actividade agrícola, a pesca e o pequeno comercio susténtanse fundamentalmente na actividade de traballadores autónomos.</p> <p>A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo, dedica o seu artigo 8º á prevención de riscos laborais, recalcando o papel activo que as Administracións Públicas competentes deben de asumir en relación coa prevención de riscos laborais dos traballadores autónomos</p> <p>En constancia, o Issga desenvolveu durante 2010 actuacións específicas de mellora da integración da prevención de riscos laborais nos traballadores autónomos, fundamentalmente con accións de formación nos sectores arriba citados, e colaborando en campañas informativas na hostalaría da provincia de Pontevedra.</p> <p>Asemade, esta actividade de formación e sensibilización complementase coa oferta da realización da vixilancia da saúde a este colectivo.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Integrar a prevención de riscos laborais nos traballadores autónomos.</li> <li>- Establecer mecanismos de información e asesoramento técnico ao traballador autónomo.</li> <li>- Colaborar nas tarefas de vixilancia da saúde.</li> <li>- Facilitarlles a formación en materia de prevención de riscos laborais.</li> <li>- Promover a cultura preventiva neste colectivo.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Implantar un módulo específico para os autónomos na Aula virtual do Issga.</li> <li>- Promover en novos colectivos a realización de estudos epidemiolóxicos.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; ETML		Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acción 2.3.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, t	



PR 4	Programa Forestal			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A diversidade de tarefas que comprenden os traballos forestais e as condicións nas que se desenvolve esta actividade (dispersión e afastamento das explotacións, subcontratación dos traballos, inestabilidade laboral e escasa experiencia) provocan que este sexa un sector no que se acumulan un elevado número de accidentes de alto índice de gravidade.</p> <p>Asemade das características dos lugares e organizativas, outras condicións de traballo, como o uso de maquinaria diversa, pesada e ferramentas manuais como a motoserra, que aos riscos de seguridade engaden factores hixiénicos como ruído e vibracións, a utilización de praguicidas e outros agroquímicos, e os riscos ergonómicos propios das tarefas forestais, fan desta actividade unha das que presentan unha maior diversidade de riscos en nivel importante.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a sinistralidade laboral do sector.</li> <li>- Determinar a tipoloxía dos accidentes do sector máis frecuentes e as súas causas.</li> <li>- Asesorar sobre as medidas correctoras axeitadas.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter o asesoramento as empresas deste sector de maior taxa de sinistralidade.</li> <li>- Elaborar un estudo da sinistralidade neste sector.</li> <li>- Continuar a campaña informativa específica en materias relacionadas coa prevención de riscos laborais no sector forestal:             <ul style="list-style-type: none"> <li>-- Desenvolvendo cursos específicos en consoancia coa actividade DFS 8.</li> <li>-- Elaborando material divulgativo e informativo específico.</li> </ul> </li> </ul>				
Area funcional	STP; ETS;		Ámbito/sector	Forestal
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo.1; Accs 2.3 e 3.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, j	



PR 5	Programa de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro (Vixia e Segumar)			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O sector da pesca é un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco, debido as súas peculiaridades, entre as que cabe subliñar a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso, e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda.</p> <p>A prevención dos riscos deste sector presenta por tanto unha grande dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan a toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en alta mar.</p> <p>Neste ámbito, desenvólense dende hai anos por parte do Issga o Programa Vixía. Por outra banda, tamén se realizan inspeccións a buques en Galicia por equipos multidisciplinares coa participación de técnicos do Issga, en colaboración cos Ministerios de Fomento, Emprego e Seguridade Social, e Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Reducir a sinistralidade e mellorar as condicións de vida, traballo e saúde a bordo dos traballadores do sector pesqueiro.</p> <p>Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar os hábitos laborais dos profesionais do mar e o uso de material e equipos de traballo.</li> <li>- Implantar unha concienciación preventiva no sector.</li> <li>- Abordar modelos preventivos específicos de xestión preventiva diferenciando as distintas actividades levadas a cabo no mar.</li> <li>- Velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais no sector marítimo-pesqueiro.</li> </ul>					
Area funcional	ETS	Colaboracións	Cons. M.Rural e Mar ITSS	Ámbito/ sector	Pesca
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Acción 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º,a



<b>PR 6</b>	<b>Avaliación de riscos “tipo” de buque de baixura.</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>No marco xeral de colaboración e intercambio de experiencias con outros Institutos, e en particular no grupo das comunidades do Cantábrego, formado por Issga, IAPRL, Instituto Cántabro e OSALAN, desenvolveronse varios traballos en anos anteriores, nomeadamente as tres entregas da Guía da vixilancia da saúde e a avaliación de riscos ergonómicos no sector pesqueiro.</p> <p>Como complemento a estes traballos, e aproveitando o coñecemento xerado, elaborárase unha avaliación “tipo” dos riscos laborais para un barco de baixura, de xeito que sirva como modelo de aplicación das matrices de riscos incluídas na primeira parte da Guía da vixilancia da saúde, e tamén como orientación para a aplicación desta nun caso concreto.</p> <p>Esta avaliación abranguerá todos os riscos identificados, é dicir, que ademais dos de seguridade, incluírá os hixiénicos, ergonómicos e psicosociais.</p> <p>Por tanto, esta avaliación aportará o enfoque para a utilización na práctica dos traballos desenvolvidos anteriormente polo grupo de Institutos.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Elaborar un modelo de avaliación global dos riscos, aplicando as metodoloxías desenvolvidas nos traballos realizados en colaboración cos devanditos Institutos .</p>					
Area funcional	Dirección; SXTP; SEPA	Colaboracións	IAPRL ICSST OSALAN	Ámbito/ sector	Pesca
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Acción 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Art. 4º, c; k





<b>PR 7</b>	<b>Programa de grandes obras e obra civil</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>No marco da colaboración e a asistencia técnica que o Issga presta á ITSS, veñen desenvolvéndose dende anos anteriores o Plan de grandes obras con visitas conxuntas técnico-inspector, ou a lo menos, coordinadas, e un Programa complementario de obras singulares realizado só por técnicos do Issga, tamén en obra civil.</p> <p>A gran obra civil presenta peculiaridades dende o punto de vista preventivo, tanto pola súa magnitude, implicando a numerosos traballadores, e habitualmente a gran número de empresas cunha complicada estrutura organizativa de subcontratacións, como pola utilización de técnicas construtivas complexas e novidosas, os dilatados prazos de execución, e moitas veces o carácter de mobilidade cando se trata de infraestruturas viarias. Por iso, é preciso un tratamento diferenciado, tanto dende o punto de vista do asesoramento como do control da práctica da prevención en este tipo de obras</p> <p>Ao mesmo tempo, a visibilidade dos accidentes que se producen nestas obras non se corresponde coa realidade da súa incidencia, e ten un efecto negativo sobre a percepción sobre as condicións de seguridade nas que se desenvolven.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prestar asistencia técnica e colaboración á ITSS.</li> <li>- Establecer procedementos de asesoramento, colaboración e control sobre as condicións de seguridade e hixiene das obras civís de gran entidade.</li> <li>- Promover mecanismos de colaboración e comunicación coas direccións facultativas e coordinadores de seguridade e saúde destas obras.</li> <li>- Implantar un protocolo de actuación para a colaboración entre o Issga e a autoridade mineira nas obras do AVE que inclúan tuneis.</li> </ul>					
Area funcional	XC; STP; ETS	Colaboracións	ITSS DXEM	Ámbito/ sector	Construción
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acción 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, j		



<b>PR 8</b>	<b>Programa de Seguridade Viaria laboral</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os accidentes de tráfico teñen un peso importante dentro da estatística de sinistralidade laboral; a redución nos últimos anos do número de vítimas neste tipo de accidentes non se reflicte na sinistralidade vial laboral, polo que se fai necesario adoptar medidas que axuden a diminuír os accidentes de tráfico ligados aos accidentes, especialmente “en misión”.</p> <p>Dende 2011 desenvólvense diversas actuacións, como campañas de sensibilización, e accións de asesoramento nas empresas con maior incidencia deste tipo de accidentes. En 2013, en colaboración co RACE implantouse en Galicia unha plataforma en liña de axuda ás empresas para o desenvolvemento de medidas de mellora da mobilidade e a seguridade viaria .</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Diminuír o número de accidentes de tráfico, especialmente “en misión”.</li> <li>- Concienciar e sensibilizar a poboación traballadora do problema dos accidentes de tráfico establecendo mecanismos de información axeitados.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Continuar o asesoramento directo ás empresas.</li> <li>- Propiciar á adhesión á plataforma de mobilidade.</li> <li>- Poñer a plataforma de mobilidade a disposición do servizo de prevención da Xunta.</li> </ul>					
Area funcional	ETS	Colaboracións	RACE	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Acción 2.5.		Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, a	



PR 9	<b>Asesoramento no manexo de maquinaria agrícola</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Durante o ano 2013 desenvolveronse actividades para introducir a cultura preventiva e de formación no ámbito rural, que se incrementarán en 2014, coas actuacións DF2 DFS7 e DFS13, dirixidas respectivamente á elaboración de materiais didácticos, formación específica e información e sensibilización. Unha parte importante dos materiais elaborados e cursos impartidos corresponden aos aspectos preventivos do manexo de maquinaria agrícola e forestal. Estas accións, de carácter xenérico, precisan ser complementadas co asesoramento técnico “in situ” nas explotacións agrícolas para implantar na práctica os aspectos teóricos desenvolvidos.</p> <p>En consecuencia, realizarase un labor de asesoramento concreto sobre os riscos e medidas preventivas a adoptar no manexo de maquinaria e apeiros agrícolas</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a sinistralidade producida no manexo de maquinaria agrícola.</li> <li>- Asesorar tecnicamente ás empresas do sector primario sobre riscos de dito manexo e medidas preventivas aplicables.</li> <li>- Difundir o material elaborado polo Issga sobre estes aspectos particulares.</li> </ul>				
Area funcional	ETS		Ámbito/sector	Primario
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acción 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Art. 4º, j; t	



PR 10	<b>Proxecto piloto en actividades económicas do sector primario: adegas e canteiras.</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Algunhas actividades do sector primario teñen unha importancia económica fundamental para determinadas comarcas en Galicia, nas que se concentran, e que habitualmente están alonxadas das áreas produtivas máis importantes . Este é o caso dos subsectores vitícola e extractivo, que, ademáis da agrupación xeográfica dispoñen dunha estrutura asociativa ben definida, mediante os Consellos Reguladores ou as asociacións empresariais respectivamente.</p> <p>Isto é unha oportunidade para realizar labores de asesoramento sobre a prevención dos seus riscos, pois permite concentrar o traballo a desenvolver obtendo resultados máis rendibles. Por tanto, e concomitantemente coa actividade DFS2, consistente na elaboración de material informativo e informativo específico, desenvolveranse actuacións de sensibilización asesoramento técnico nas empresas destes subsectores, inicialmente na provincia de Ourense, na que ambos os dous teñen un importante peso socioeconómico.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a sinistralidade producida nas actividades mencionadas.</li> <li>- Asesorar técnicamente ás empresas e traballadores destas actividades produtivas sobre riscos específicos da súa actividade e medidas preventivas aplicables.</li> <li>- Difundir o material elaborado polo Issga sobre estes subsectores.</li> </ul>				
Area funcional	ETS Ou; ETH Ou		Ámbito/ sector	Primario
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acción 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Art. 4º, j; t	



PR 11	<b>Programa de asesoramento sectorial sobre xestión da prevención</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O asesoramento ás empresas, especialmente ás de maior sinistralidade, forma parte da actividade de diversas entidades, como a ITSS, as Mutuas, e tamén do Issga, en virtude das funcións que a Lei 14/2007 lle outorga. O Plan de loita desenvolvido até o ano 2012 consistiu nun asesoramento a ditas empresas, rendendo un froito apreciable.</p> <p>Á data de hoxe, persisten empresas, xa asesoradas polas entidades antes mencionadas e o Issga, sobre aspectos da xestión da actividade preventiva, nas que se producen accidentes de forma recorrente, polo que a sinistralidade nestes casos prodúcese a consecuencia das condicións técnicas e materiais de traballo. Realízase nelas, por tanto a comprobación de ditas condicións por parte dos técnicos habilitados, en consoancia coa actividade CAT 2.</p> <p>Por outra banda, dado que certas actividades produtivas requiren de procesos e equipos complexos e con riscos especiais, ou inclúen aspectos de coordinación comprende un labor de asesoramento técnico sobre a prevención nestas circunstancias. Seleccionáronse as empresas por actividades produtivas, en función de condicións especiais de risco, nos sectores para os que non exista outro programa específico neste plan, para desenvolver un asesoramento técnico sobre aspectos concretos,</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha elevada taxa de produción de accidentes.</li> <li>- Seleccionar actividades con riscos importantes ou peculiaridades que dificultan a xestión dos riscos (concorrenza de actividades, equipos especiais , etc)</li> <li>- Determinar a tipoloxía dos accidentes máis frecuentes e as súas causas.</li> <li>- Asesorar sobre as medidas correctoras axeitadas.</li> <li>- Comprobar, nas empresas con sinistralidade recorrente, as condicións materiais ou técnicas preventivas, por parte de técnicos habilitados para tal función.</li> </ul>					
Area funcional	STP; ETS; XC	Colaboracións	OGCT	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx.1;Acc. 3.2 Obx.6;Acc. 1.5	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, a; j



PR 12	<b>Programa de asesoramento sectorial sobre risco químico</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Mapa de risco químico de Galicia consistiu na elaboración dun mapa dos riscos xerados pola utilización de produtos químicos en empresas seleccionadas por sectores e subsectores de actividade, baseado na información contida nas súas fichas de seguridade, e o asesoramento posterior ás empresas participantes sobre as deficiencias detectadas.</p> <p>Ademáis de subministrar a información de ditas deficiencias á autoridade sanitaria, consonte á actividade CAS 21, o Issga procurará manter un intercambio voluntario coas empresas que participaron na elaboración do mapa, co obxecto de procurar medidas de redución do risco, comezando pola revisión da súa avaliación.</p> <p>Esta actuación completárase co asesoramento a empresas e traballadores de determinados sectores, onde o risco químico é máis significado, para a correcta identificación dos produtos perigosos (especialmente os CMR) e consecuente avaliación do risco que supoñen, mediante a elaboración de documentos informativos sobre este tipo de produtos.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproveitar a información obtida coa elaboración do mapa de risco químico para a actualización das avaliacións específicas deste risco.</li> <li>- Manter a vía de asesoramento e colaboración iniciada, coa proposta de medidas de redución.</li> <li>- Programar accións de sensibilización, información e formación sobre este risco para os sectores, empresas e autónomos expostos.</li> <li>- Elaborar a documentación divulgativa precisa para as devanditas accións.</li> <li>- Colaborar cos axentes sociais no desenvolvemento de programas sectoriais de investigación e asesoramento.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; SHI; ETH		Ámbito/sector	Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Acción 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, k



PR 13	<b>Estudo de metodoloxías de mostraxe hixiénica.</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>As novidades normativas e técnicas en canto ás metodoloxías de avaliación de axentes químicos, físicos e biolóxicos precisan da posta a punto de técnicas e procedementos de medición e avaliación dos riscos xenerados polos ditos axentes e o conseguinte desenvolvemento de accións de asesoramento ás empresas e de formación aos profesionais da prevención nestes aspectos.</p> <p>Por iso, continuarase esta actividade, comezada en 2013, ampliando as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisar as metodoloxías simplificadas de avaliación hixiénica e realizar accións de formación e información nos sectores implicados.</li> <li>- Revisar as metodoloxías de mostraxe de pó e aerosois.</li> </ul> <p>Apoiar ao Laboratorio de Hixiene Analítica coa remisión das mostras que precise para a realización dos ensayos para a realización dos PICCs necesarios.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar mostraxes ambientais coas diversas técnicas actuais de medición e determinación de niveis de exposición a pos e aerosois..</li> <li>- Accións de asesoramento sectorial directo a empresas en relación a:             <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Xestión da exposición ao ruído</li> <li>b) Avaliacion simplificada do risco por axentes químicos.</li> </ul> </li> </ul>				
Area funcional	ETH		Ámbito/sector	Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo.6; Accs 1.4 e 3.1	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, k



<b>PR 14</b>	<b>Amianto: actuacións de verificación</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Dende o ano 2010 relizáronse campañas informativas en sectores e actividades produtivas concretos sobre as obrigas que impón o RD 396/2006, de inscrición no RERA e contar cun plan de traballo aprobado, co resultado dun notable incremento, tanto no número de empresas inscritas no RERA como, consecuentemente, no número de plans de traballo tramitados en Galicia.</p> <p>Dado que o abano das actividades máis significadas en relación co risco de exposición ao amianto xa foi informado, compre neste momento sistematizar a comprobación sobre a actividade das empresas ás que se incluíu nas campañas anteriores que non se inscribiron no RERA.</p> <p>Compre tamén afondar na comprobación do cumprimento das prescricións contidas nos plans aprobados, para que a prevención fronte a este risco non se converta nun mero formalismo administrativo.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Potenciar o cumprimento da normativa legal sobre a protección dos traballadores expostos ao amianto RD 396/2006.</li> <li>- Prestar a información e o asesoramento necesarios para o cumprimento do RD 396/2006 (trámites administrativos, avaliación dos riscos, medidas de prevención e protección da saúde....).</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar “in situ”, para determinados plans aprobados, o cumprimento das medidas preventivas previstas.</li> <li>- Verificar a calidade da información contida nas fichas de exposición laboral comprobando a inclusión en ditas fichas de todos os traballadores expostos, asesorando, de ser preciso, á empresa ou ao seu servizo de prevención, na procura da mellora de dita calidade.</li> <li>- En consoancia coa actividade CAS 21, de intercambio de información coa autoridade sanitaria, verificar a posible existencia de empresas non inscritas no RERA con traballadores expostos, e de xeito inverso, empresas que executan plans e non lle aportan a aquela a información preceptiva.</li> </ul>				
Area funcional	SHI, ETH		Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Accs.2.4 e 3.3	Lei 14/2007: Funcións do Isga	Artigo 4º, t	





<b>PR 15</b>	<b>Mapa de riscos ergonómicos de Galicia</b>				Trienal
<b>Descrición:</b> <p>Tanto os accidentes por sobreesforzos como as enfermidades profesionais do grupo 2 axente D son as que teñen maior incidencia e prevalenza. O feito de que se cataloguen maioritariamente coma leves non reduce a súa importancia, dado o seu peso numérico. Por tanto, compre, asemade do programa anterior, investigar e caracterizar as actividades onde se presentan con máis frecuencia, os postos de maior risco e os tipos de patoloxías e accidentes máis frecuentes.</p> <p>A elaboración deste mapa permitirá, no futuro, definir de xeito máis preciso as liñas e actuacións a seguir para reducir a sinistralidade neste ámbito e establecer prioridades de actuación preventiva.</p> <p>Elaborados en 2011 as bases de datos e os formularios electrónicos imprescindibles para este programa, en 2012 comezou a petición de colaboración ás empresas, que se ampliará en 2013 a outras actividades co potencial risco de carga física.</p>					
<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Analizar as situacións de risco ergonómico (derivado da manipulación manual de cargas, posturas forzadas e movementos repetitivos) na poboación traballadora galega, segundo a actividade económica e incluíndo a perspectiva de xénero.</li><li>- Seleccionar anualmente os sectores e actividades e empresas a estudar.</li><li>- Identificar as actividades onde se están presentando os TME, postos de traballo con maior risco e tipo de patoloxías máis frecuentes.</li><li>- Estimar o número de traballadores expostos, recollendo as variables de sexo, idade, antigüidade no posto e empresa.</li><li>- Asesorar ás empresas colaboradoras neste programa que o demanden.</li><li>- Desenvolver un estudo da cadea de valor do sector da automoción e analizar os seus riscos de TME para elaborar posteriormente criterios e documentos de guía sobre boas prácticas neste sector.</li></ul>					
Area funcional	SXTP; SEPA EETT	Colaboracións	OGCT	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Accs 1.4. e 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, a



PR 16	<b>Estudo ergonómico no sector das conservas de peixe</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Case a metade das empresas conserveiras de España radican en Galicia, pero por produción e facturación esta proporción acada o 85%, convertíndoa así na maior zona produtora da UE e a segunda do mundo. Este sector, estratéxico para Galicia, xera o 3% do PIB e emprega a case 12.000 persoas, das que preto do 80% son mulleres. Case dous terzos da produción da conserva de peixe envasa atún.</p> <p>Aparte dos hixiénicos, xerados polo ruído e as condicións termohigrométricas, os de tipo ergonómico son os riscos máis significados nesta actividade, na que a pesares da tecnificación e os novos métodos de traballo introducidos a partires da década dos 90 do pasado século, unha parte importante do proceso de elaboración efectúase de forma artesanal, o que implica que moitas tarefas sexan manuais. Tendo en conta a feminización da poboación traballadora e que, ademáis, a idade media rolda os 50 anos, conclúese que se trata dun colectivo especialmente exposto ao risco de aparición de transtornos musculo esqueléticos (TMEs), que se poden ver agravados polas condicións de temperatura e humidade nas que se desenvolven parte das tarefas.</p> <p>En consecuencia, resulta de interese a realización dun estudo técnico biomecánico dos niveis de risco e das causas de TMEs na industria de conserva do atún, que logo serverá de base para o desenvolvemento dunha guía de criterios e boas prácticas e de material didáctico para o desenvolvemento de actividades de formación para a PRL neste sector.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Elaborar un estudo técnico-biomecánico baseado na análise das actividades críticas (susceptibles de xenerar TMEs sobre os traballadores/as) do proceso produtivo das PEMES do sector conserveiro en Galicia.</p>				
Area funcional	SXTP; ETML Co		Ámbito/ sector	Primario
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 4 Acción 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Art. 4º, a; k



PR 17	Redución dos riscos psicosociais			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>As circunstancias laborais derivadas da crise económica (incremento da precariedade laboral, dos ritmos de traballo ou horarios atípicos) son factores que agravan os riscos que corren os traballadores, fundamentalmente os de carácter psicosocial. Por iso, aínda que se ten en conta dende hai tempo, este tipo de riscos pódese considerar como emerxente, polo aumento de factores que contribúen a agravalo.</p> <p>Compre, por tanto, desenvolver actividades de información e concienciación sobre a importancia destes riscos, considerados de escasa importancia en moitos casos e, normalmente, insuficientemente avaliados.</p> <p>Por último, algunhas formas novas de emprego, como por exemplo o teletraballo, están creando novas problemáticas que é conveniente ter máis en conta.</p> <p>O Issga asinou un Acordo de colaboración co Colexio Oficial de Psicloxía de Galicia, para a realización de accións de concienciación e difusión en materia de prevención dos riscos laborais deste tipo e a elaboración de materiais divulgativos e didácticos relacionados.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Abordar os riscos psicosociais coa consideración de emerxentes.</li> <li>- Desenvolver actividades de información e concienciación sobre os riscos psicosociais.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar de unha xornada técnica sobre este tipo de riscos.</li> <li>- Elaborar unha folla de prevención.</li> <li>- Introducir a psicopsicología na Escola Galega de Prevención, deseñando programas de cultura preventiva para escolares.</li> </ul>					
Area funcional	SEPA; ETML	Colaboracións	COPG	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acc. 2.1 e 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Art. 4º, g; q		



<b>DFS 1</b>	<b>Publicacións</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Issga, como organismo científico-técnico referente da prevención en Galicia é xerador dun coñecemento que se debe transmitir aos interesados na prevención de riscos laborais e a sociedade en xeral. Tamén deben comunicarse os constantes cambios técnicos e normativos.</p> <p>Por iso ten elaborado diversas publicacións de carácter divulgativo e técnico: guías técnicas sectoriais, guías básicas, publicacións do Observatorio, e con carácter permanente, follas de prevención.</p> <p>Estas publicacións acadaron un significativo nivel de calidade, que comprende manter, e mesmo mellorar na medida do posible.</p> <p>En consoancia coas actividades DF6 e DF7, durante 2013 desenvolveuse unha importante actividade na elaboración de material formativo e informativo dirixido ao sector primario, esforzo que se incrementará en 2014.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción de condutas preventivas a través de publicacións de interese en prevención de riscos laborais.</li> <li>- Editar publicacións monográficas dirixidas a sectores de actividade concretos.</li> <li>- Ampliar a capacidade de difusión do coñecemento xerado.</li> <li>- Transmitir os resultados das investigacións e estudos realizados polo Issga.</li> </ul> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación das publicacións previstas noutras actividades deste plan e no do ano anterior.</li> <li>-Elaboración das publicacións derivadas da actividade do Observatorio.</li> <li>- Edición dunha guía de boas prácticas no laboratorio.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SDFE; SFC	Colaboracións	Múltiples	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx. 1 Acc 2.2 Obx. 4 Acc. 2.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g		



<b>DFS 2</b>	<b>Materiais didácticos de prevención para o sector primario</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En consoancia coas actividades DF7 e DF8, durante 2013 desenvolveuse unha importante actividade na elaboración de material formativo e informativo dirixido ao sector primario, con distintos formatos: carteis, fichas divulgativas, guías de boas prácticas, ou mesmo vídeos.</p> <p>Todos estes produtos conteñen mensaxes directas e sinxelas, pero co suficiente rigor técnico, dirixidas aos traballadores das diversas actividades deste sector nas que a cultura preventiva está xeralmente pouco introducida, e ao tempo que teñen unha utilidade informativa “per se”, poden ser utilizados como material de apoio a campañas de difusión ou a actividades de formación, dependendo do formato de que se trate.</p> <p>Tendo en conta a diversidade das actividades que abarca o sector primario, en 2014 continuarase coa edición destas publicacións na procura de abarcar os diversos subsectores comprendidos naquel, con enfoques diversos como actividade produtiva, riscos específicos de equipos, ferramentas ou sustancias, perspectiva de xénero, e outros.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Editar unha guía de boas prácticas para redeiras e percebeiros.</p> <p>Elaborar unha guía de boas prácticas no sector da conserva de peixe.</p> <p>Editar coleccións de fichas de prevención sobre actividades e/ou temas específicos: canteiras, explotacións agrícolas, adegas, praguicidas, fertilizantes, muller rural, sinalización marítima de emerxencia, etc.</p> <p>Elaborar e editar vídeos, fundamentalmente relacionados coa pesca: equipos de traballo, captura de recursos específicos por mergullo, bateas.</p> <p>Editar cartelería diversa.</p>					
Area funcional	STP; SDFE; SFC	Colaboracións	Agader	Ámbito/sector	Primario
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Acción 2.4	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g		



<b>DFS 3</b>	<b>Sistema de consultas</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
<p>Dende a creación do Issga o número de consultas aumentar continuamente, polo que se elaborou un procedemento para a súa resposta mediante o Protocolo interno 1/2009, co fin de conseguir unha maior calidade e estandarización na prestación deste servizo. Por outra banda, na elaboración da carta de servizos incluíuse unha enquisa de satisfacción dos usuarios, da que se poden derivar modificacións daquel.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dar resposta de calidade a todas as consultas técnicas formuladas a este organismo.</li> </ul>					
Area funcional	STP; EETT			Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Toda a Liña 2		Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, g

<b>DFS 4</b>	<b>Páxina web</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
<p>Plataforma de comunicación que facilita a participación de toda a comunidade galega, e lle proporciona información sobre a actividade do Issga, o coñecemento por el xerado, e, en xeral, as novas que no eido da prevención se poidan producir. A actualización constante dos seus contidos supón un importante esforzo.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Implicar aos Centros provinciais no mantemento e xestión da páxina.</li> <li>- Ampliar a área audiovisual na web do Issga.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; STP; SDFE; SFC	Colaboracións		Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 5 Acción 2.6.		Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, g



<b>DFS 5</b>	<b>Xornadas e seminarios técnicos</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os cambios permanentes das actividades e procesos produtivos, a introdución de tecnoloxías novas e a promulgación de nova normativa fai precisa unha actualización permanente de coñecementos no eido da PRL para adecualos progreso tecnolóxico, científico e lexislativo.</p> <p>A divulgación destes coñecementos é unha parte fundamental da PRL; o sexto obxectivo da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo consiste en potenciar a formación en materia de prevención dos riscos laborais. O labor do Issga neste ámbito deberá de seguir sendo un dos seus maiores obxectivos.</p> <p>Partindo destas consideracións, o Issga, como órgano técnico-científico da administración debe ser referente na difusión do coñecemento en materia preventiva, concentrando nos seus Centros accións formativas, non só propias, senón tamén en colaboración con outras entidades, de xeito que se convertan en focos de transmisión de saber preventivo.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Programación e organización de xornadas técnicas de actualización de coñecementos así como de divulgación xeral e específica, de elevada calidade.</li> <li>- Formar a técnicos de prevención, delegados de prevención, empresarios, profesionais liberais, etc., en materias específicas relacionadas coa PRL.</li> <li>- Colaborar con outras entidades e técnicos especializados, para a realización de xornadas técnicas e seminarios</li> </ul>				
Area funcional	SFC; SDFE	Colaboracións	EETT INSHT	Ámbito/ sector
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.1;Acc. 2.1 Obx.4;Liña. 3.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g	



<b>DFS 6</b>	<b>Cursos de PRL</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os centros do ISSGA véñense desenvolvendo accións de información e sensibilización en materia de prevención de riscos laborais (primeiros auxilios, etc.) tanto no ámbito educativo regrado (IES, CIFP, etc.) como en outros ámbitos (Escolas taller, Obradoiros de emprego, etc.)</p> <p>Por outra banda, desenvólvense actuacións formativa presenciais, impartidas nos catro Centros do Issga, que corresponden ao contido mínimo do programa para o desempeño das funcións de nivel básico de acordo co anexo IV do Regulamento dos Servizos de Prevención.</p> <p>Algúns destes cursos, dirixidos ao sector da construción, habilitan aos alumnos para a obtención da TPC, en virtude do Convenio de colaboración asinado coa Fundación Laboral da Construción.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Proporcionar a empresarios, traballadores, autónomos ou por conta allea, traballadores designados e delegados de prevención, a formación suficiente e axeitada que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico especificadas no artigo 35 do RSP.</p> <p>2014:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sectorializar na medida do posible os cursos básicos.</li> <li>- Programar formación básica en concordancia co plan de desenvolvemento rural sostible.</li> </ul>					
Area funcional	SFC	Colaboracións	EETT FLC	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 4 Acción 2.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g		





DFS 7	<b>Formación específica para o sector primario</b>			Plurianual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Issga participa activamente no programa de desenvolvemento rural sustentable, executando parte das accións planificadas nos diversos “plans de zona”, instrumentos de desenvolvemento para cada zona rural. En concreto, no eixo “información e formación profesional ocupacional e continua dos traballadores”, realiza actividades de información, formación e sensibilización en materia preventiva dos traballadores do sector primario do ámbito rural. Deste xeito, ten desenvolvido cursos específicos sobre prevención en diversos eidos do sector primario: maquinaria e ferramentas agrícolas e forestais, tipos concretos de explotacións agrícolas ou pecuarias, prevención na pesca, etc. Durante 2014 continuarase a organización e impartición de cursos e xornadas técnicas para este sector, de contido tanto específico como máis amplo, implantando módulos de riscos concretos nos cursos básicos de prevención de riscos laborais, especialmente na aula virtual do Issga.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar a xestión e calidade da prevención nas empresas do ámbito rural.</li> <li>- Formar en prevención de riscos laborais aos traballadores deste sector.</li> <li>- Reducir a sinistralidade no sector primario.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Programar e executar as accións formativas correspondentes a cada zona.</li> <li>- Elaborar material didáctico específico de apoio a ditas accións.</li> <li>- Implantar módulos específicos para a formación en liña do sector primario a través da aula virtual do Issga.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; STP; SFC	Colaboracións	Agader Entidades do sector	Ámbito/sector Primario
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Accs 2.1 e 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g



<b>DFS 8</b>	<b>Escola Galega de Prevención</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>No ano 2010 o Issga desenvolveu un proxecto para instalar a Escola propia, que se materializou en 2011, ao inaugurala, con contidos dirixidos fundamentalmente aos rapaces de educación primaria, aínda que as actividades abranguerán a outros ciclos formativos, como o bacharelato e a formación profesional, para infundir o concepto da cultura preventiva dende idades temperás aos futuros traballadores e traballadoras.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inculcar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito ameno e divertido.</li> <li>- Concienciar aos estudantes de formación profesional e bacharelato da importancia da seguridade e a saúde laboral no traballo.</li> <li>- Elaborar materiais de divulgación e sensibilización adaptados ás idades dos receptores, incidindo, ademáis de na PRL, na seguridade no fogar e na vial.</li> <li>- Organizar as actividades e visitas da Escola, dándolles a máxima difusión; desenvolver tamén as actividades da Escola en centros formativos.</li> <li>- Desenvolver contidos relacionados cos riscos ergonómicos e psicosociais.</li> </ul> <p>2014: Trasladar a Escola a Ourense.</p>				
Area funcional	SDFE;SF Ou		Ámbito/ sector	Educación
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 5 Acción 2.7.	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g	



<b>DFS 9</b>	<b>Unidade docente para a formación de especialistas en medicina do traballo</b>			Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Real Decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e desenvólvense determinados aspectos do sistema de formación sanitario especializado, relaciona no seu anexo I, a especialidade de Medicina do Traballo como unha especialidade que se debe realizar polo sistema de residencia en unidades docentes de nova creación, que se constitúa no seo das distintas Comunidades Autónomas.</p> <p>A tal efecto, asinouose en 2008 un Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III, o Issga e as mutuas "Universal", "Fremap" e "Galega de accidentes de traballo" para a constitución e acreditación dunha unidade docente en Galicia, para impartir o programa oficial na especialidade de Medicina do Traballo polo sistema de residencia.</p> <p>O Issga, por medio dos centros do da Coruña e Pontevedra teñen a consideración de entidades colaboradoras docentes da unidade, na que se incorporan como dispositivos desta.</p> <p>A segunda promoción de médicos dende a sinatura do dito convenio realizará a residencia no 2014.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Formar nos centros ISSGA aos residentes durante dous meses, que é o periodo de rotación definido no programa oficial da especialidade. Nese periodo, os médicos residentes levarán a cabo as actividades relacionadas con a especialidade acorde as características propias dos centros ISSGA, baixo a supervisión do tutor da área Medicina do Traballo do centro .</p>				
Area funcional	Dirección; ETML		Ámbito/sector	Saúde laboral
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.3; Acc 3.2 Obx.6; Acc 3.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, g; q



<b>DFS 10</b>	<b>Aula virtual do Issga</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A aula virtual do Issga imparte en liña varias edicións do curso básico de prevención de riscos laborais de 50 horas, que corresponde ao contido mínimo do programa de formación para o desempeño das funcións de nivel básico, engadindo 10 horas máis cun módulo sobre prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.</p> <p>Despois de asumir internamente a xestión da aula, e formar aos membros do instituto que a realizan no manexo das aplicacións que permiten a dita xestión, o Issga está en condicións de aproveitar ao máximo esta ferramenta formativa.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAL</p> <p>Facer accesible a formación en PRL, sen condicionados xeográficos ou de incompatibilidade horaria, fomentando unha formación continua en prevención de riscos dun xeito personalizado e interactivo.</p> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Implantar os módulos específicos de carácter sectorial, especialmente ligados ao Programa de desenvolvemento rural sustentable, que se desenvolveron no ano anterior.</li> <li>- Propiciar a formación interna necesaria para o manexo na nova plataforma e os seus contidos.</li> </ul>					
Area funcional	SDFE; STP;SFC	Colaboracións	EGAP	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Acción 2.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, g



<b>DFS 11</b>	<b>Promoción da saúde no lugar de traballo</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>As empresas que fomentan a saúde e o benestar dos seus traballadores máis alá do cumprimento das súas obrigas en prevención de riscos laborais son empresas cuxo éxito e sostibilidade é maior. A acreditación como empresa segura, saudable e sustentable está intimamente relacionada co modelo de promoción da saúde definido pola Rede Europea de Promoción da Saúde no Traballo (ENWHP) e plasmado na Declaración de Luxemburgo de en 1997, ratificada polos países membros de dita rede, actualmente os 28 da UE máis Noruega e Suiza, que define a promoción da saúde no traballo (PST) como “xuntar os esforzos dos empresarios, os traballadores e a sociedade para mellorar a saúde e o benestar das persoas no lugar de traballo”.</p> <p>Isto pódese conseguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Mellorando a organización e as condicións de traballo.</li> <li>. Promovendo a participación activa.</li> <li>. Fomentando o desenvolvemento individual.</li> </ul> <p>A adhesión á Declaración de Luxemburgo significa o compromiso da empresa de aceptar e implantar os obxectivos básicos e de orientar as súas estratexias cara aos principios de PST, e posibilita a acreditación coma “Empresa Segura, Saudable e Sustentable”, promovida polo INSHT,</p> <p>O ISSGA participa no Comité de acreditación, que está composto por varios representantes das administracións públicas españolas.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Difundir a importancia da promoción da saúde no traballo e as accións do INSHT e da ENWHP neste campo.</li> <li>- Promover a adhesión de empresas galegas a este proxecto</li> </ul>					
Area funcional	ETML Co	Colaboracións	INSHT	Ámbito/ sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 5 Acción 2.8.	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Art. 4º, h; t



<b>DFS 12</b>	<b>Información e sensibilización no sector primario</b>			Plurianual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Tamén en consoancia co programa de desenvolvemento rural sustentable, compre a realización de accións de divulgación, información e sensibilización en materia de prevención dos riscos laborais no sector primario, no que a dispersión e atomización produtiva fan máis necesario, se cabe, este labor. É necesario, por tanto, elevar o grao de sensibilización e coñecemento da importancia da prevención dos riscos laborais neste estrato produtivo, de especial importancia para economía de Galicia. Polas dificultades antes mencionadas, as campañas divulgativas a desenvolver debense basear en materiais de fácil lectura e comprensión, tendo en conta a cartencia de estrutura de empresa e, por tanto, de asesoramento directo en traballadores en grande medida autónomos.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Incorporar a cultura e o valor da prevención na sociedade, especialmente nas zonas rurais.</li> <li>- Reducir a sinistralidade no sector primario.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar material divulgativo específico para este sector.</li> <li>- Executar campañas de información e sensibilización.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; STP; SFC	Colaboracións	Agader; SXCES Entidades do sector	Ámbito/ sector	Primario
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Accs 2.1 e 2.3	Lei 14/2007: Funcións do Issga	Artigo 4º, g	



<b>DFS 13</b>	<b>Accións de sensibilización da sociedade fronte á sinistralidade laboral</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Obxectivo 4 da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2007-2012 é “desenvolver e consolidar a cultura da prevención na sociedade española”, no que se propón a concienciación e sensibilización tanto de carácter xeral como específico dirixidas a diferentes realidades sectoriais, produtivas, poboacionais e territoriais, mediante a realización de campañas e actos públicos, e a potenciación da súa máxima difusión, coa transmisión de mensaxes de forte impacto social, e coa finalidade de promover unha maior sensibilidade social cara ao problema da sinistralidade laboral.</p> <p>Pola súa banda, o Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014 recolle entre os seus obxectivos a extensión e consolidación dunha cultura preventiva.</p> <p>Estas accións de sensibilización débense estender tamén aos riscos xerados por equipos, axentes e condicións asociados ao traballo que poden producir danos fóra do ámbito exclusivamente laboral. Un exemplo é a alta sinistralidade producida polo uso dos factores agrícolas que non computa como accidentes de traballo cando son utilizados por persoas xubiladas ou cando se fai un uso extralaboral deles.</p> <p>Realizaranse campañas dirixidas á concienciación fronte aos riscos por estes equipos de traballo cando se utilizan nas circunstancias antes mencionadas.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propiciar a celebración de accións de concienciación e sensibilización coa colaboración de axentes sociais, administracións, asociacións, etc.</li> <li>- Desenvolver campañas de sensibilización fronte a riscos do uso extralaboral do tractor agrícola e outros equipos de traballo.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección; SXTP; SDFE	Colaboracións	Múltiples	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 5 Acción 2.1	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, h; q



<b>DFS 14</b>	<b>Participación institucional</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O Issga conta cunha imaxe corporativa como signo de identidade propia e elemento de diferenciación, e un recoñecemento que compre manter e mesmo ampliar.</p> <p>As colaboracións con outras administracións, institutos homólogos, organizacións empresariais e sindicais e outras tanto de carácter público coma privado, supón un traballo coa suficiente relevancia como para reflectirse neste plan de actividades.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participar institucionalmente en congresos, xornadas e uotras actividades relacionadas coa prevención, autonómicas, nacionais ou internacionais difundindo as actividades e traballos realizados polo instituto.</li> </ul> <p>2014</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver campañas ou outras actividades con motivo do día mundial e da semana europea da seguridae e saúde no traballo.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección; SDFE	Colaboracións	Múltiples	Ámbito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 5 Accs 2.4 e 2.5	Lei 14/2007: Funcións do Issga		Artigo 4º, g



## Códigos

No campo “Área funcional” indícanse os responsables inmediatos do Issga encargados da coordinación na execución de cadansúa das actuacións. Co obxecto de simplificar o formato, utilízanse os acrónimos da denominación dos postos implicados. Dada a multiplicidade xerada polas denominacións idénticas dos catro centros, cando unha actuación afecta a un só deles, indícase a provincia a continuación (Co= A Coruña, Po= Pontevedra, etc.); en caso de non especificar provincia, enténdense abranguidos os catro Centros:

SXTP	Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.
SXAP	Subdirección Xeral de Administración e Persoal.
STP	Servizo técnico e de planificación.
SS	Sección de seguridade (Santiago).
SHI	Sección de hixiene industrial (Santiago).
SEPA	Sección de ergonómia e psicocioloxía aplicada.
SDFE	Sección de documentación, formación e estudos.
XC	Xefaturas de Centro.
EETT	Equipos técnicos en conxunto.
ETS	Equipos técnicos de seguridade.
ETH	Equipos técnicos de hixiene.
ETML	Equipos técnicos de medicina laboral.
SFC	Seccións de formación dos centros.
LHA	Laboratorio de hixiene analítica.

Do mesmo xeito, dada a extensión da denominación dalgúns organismos, usáronse os acrónimos seguintes:

Agader	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Amtega	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
COPG	Colexio Oficial de Psicología de Galicia
DXARA	Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
DXEM	Dirección Xeral de Enerxía e Minas
DXIXSP	Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
DXTES	Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
FLC	Fundación Laboral da Construción
IAPRL	Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais
ICSST	Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo
INSHT	Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
MATEPSS	Mutuas de Accidentes de Traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social
OSALAN	Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laboral
RACE	Real Automóvil Club de España
Sergas	Servizo Galego de Saúde
SXCES	Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social
SXTCS	Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade

## Nota

### USO DO MASCULINO EN REFERENCIA AO PLURAL DAS PERSOAS:

A utilización neste documento do masculino plural ao se referir ao colectivo de mulleres e homes non ten intención discriminatoria, senón a aplicación das normas gramaticais e da lei ligüística da economía expresiva, para facilitar a lectura e comprensión. Do mesmo xeito, a aplicación do xénero feminino a algúns colectivos concretos (mariscadoras, redeiras) responde á maior proporción neles das mulleres, e non ten connotacións sexistas.